



# DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 29 de maio de 2026





## **RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 29 DE MAIO DE 2026.**

### **Información e actividade corporativa**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2026, do 29 de abril.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 20 de abril ata o 24 de maio de 2026.

### **Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís**

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o Curso "Nanotecnoloxía ao servizo da sociedade: retos e solucións do presente e do futuro"

### **Comisión de Política Social, Educación e Mocidade**

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Ecos do Sur para financiar a Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social e do correspondente convenio de colaboración.
5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga para financiar a Rehabilitación enerxética do centro asistencial APADER e do correspondente convenio de colaboración.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos**

6. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da "saneamento e humanización da Rúa Rosalía de Castro, Negreira".
7. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co Concello de Arzúa para as obras de reparación das instalacións deportivas por filtración de auga, ata o 30 de abril de 2027.
8. Aprobación da derradeira modificación da cláusula XIII do prazo de vixencia do convenio suscrito co Concello de Betanzos para as obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza, ata o 31 de outubro de 2027.

### **Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios**

9. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 3/2026 para a redución da débeda dos concellos con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais, Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+2017 a 2023, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda



10. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2026

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento en Brantuas de Abaixo", do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023, co código 2023.2000.0208.0

#### **Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital**

12. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a abril de 2026.

13. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente correspondente ao primeiro trimestre de 2026.

14. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial da Coruña e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2026.

15. Dación de conta ao Pleno da Corporación Provincial da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2025 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon).

16. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Oza Cesuras respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

17. Aprobación da solicitude á Administración Tributaria do Estado da delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas para o Concello Mugardos.

18. Aprobación inicial da modificación da Relación de postos de traballo 2026.

#### **Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria**

19. Aprobación da segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto Vía Verde no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU

20. Aprobación da segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto de Fogóns do Anllóns no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU

21. Aprobación da primeira addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto de Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar Costa Ártabra no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU



### **Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente**

22. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Casa do Mel para o financiamento do proxecto "CENTRO APÍCOLA E DE PRODUTOS ALIMENTARIOS", anualidade 2026.

23. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA para cofinanciar o "Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2026".

24. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol para o financiamento do proxecto "Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de TEIMA DOWN de FERROL da anualidade 2025", no marco do Plan de Emprego Local, PEL.

25. Aprobación de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Baroña para financiar a obra e subministración de equipamento para creación do Centro de Transformación Colaborativo Alimentario Baroña no marco do Plan de Emprego Local (PEL).

26. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa PREM-CP Premios Circuito Deputación da Coruña de Piragüismo.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais**

27. Aprobación do proxecto da obra Reposición de obra de drenaxe transversal DP 1103 Comparada á Ponte Beluso pq 5+865 (Lousame)

28. Aprobación do proxecto da obra Mellora de firme con mestura bituminosa en quente na DP 0701 Santiago a Portomouro (puntos quilométricos 3+800 a 5+100 e 6+400 A 7+600) - (Santiago de Compostela)

29. Aprobación do proxecto da obra Mellora de firme con mestura bituminosa en quente na DP 4307 Malpica a Ponteceso puntos quilométricos 0+300 a 0+500, 2+900 a 4+080 e 11+870 a 12+600 (Malpica e Ponteceso)

30. Aprobación do proxecto mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP-3006 acceso a Zapateira punto quilométrico 2+500 ao 4 + 020 (A Coruña)

### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

31. Aprobación das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal da Deputación da Coruña.

### **ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS**

1. Moción do Grupo Provincial Popular para acoller a sede da Fundación Rogelio Groba na Coruña.



- 2.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE referente ao ERE de Nestlé
- 3.Moción do Grupo Provincial do BNG para o rexeitamento da reapertura da mina Don Sebastián en Coéns
- 4.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSDEG-PSOE da Coruña para o recoñecemento, defensa e promoción das mulleres do sector do mar.

## ROGOS E PREGUNTAS



## Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 29 de maio de 2026.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 29 de maio de 2026, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

### Deputados/as

#### Asistentes:

Dona Sol Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

#### Escusada:

Dona Cristina García Rey	BNG
--------------------------	-----

O Sr. Rioboo Castro entra comezada a sesión, no punto número catro.

**Actúa como secretario:** don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.



Aberto o acto ás 12:11 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día. Comezamos a sesión ordinaria de Pleno.

**1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2026, do 29 de abril.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 4/2026, do 29 de abril.

**2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 20 de abril ata o 24 de maio de 2026.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 20 de abril ata o 24 de maio de 2026.

**3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o Curso "Nanotecnoloxía ao servizo da sociedade: retos e solucións do presente e do futuro"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000008578 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias polo que se instrumenta una subvención nominativa para cofinanciar a Curso "Nanotecnoloxía ao servizo da sociedade: retos e solucións do presente e do futuro" propónse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís:

**Primeiro.-** Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 13 de maio de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei



Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

**Segundo.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

**Terceiro.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 20.000,00 €, á Real Academia Galega de Ciencias, para cofinanciar o Curso: "Nanotecnoloxía ao servizo da sociedade: retos e solucións do presente e do futuro" cun orzamento subvencionado de 25.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

**Cuarto.-** Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3341/481 do vixente orzamento xeral.

**Quinto.-** Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

**Sexto.-** Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o Curso "Nanotecnoloxía ao servizo da sociedade: retos e solucións do presente e do futuro”**

Ante min, \_\_\_\_\_, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

Na Coruña, a

### REUNIDOS

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Real Academia Galega de Ciencias.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### MANIFESTAN

**1.-** A Real Academia Galega de Ciencias é unha corporación científica de dereito público, tal como ven definido no artigo 1 dos seus estatutos, creada por RD 1218/1977 do 23 de abril.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de



outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *“en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias”* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto *“se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente.”*

2.- De conformidade co capítulo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega de Ciencias, entre outros:

- Fomentar a investigación, o estudo e a divulgación das Ciencias e das súas aplicacións e a incorporación do coñecemento científico á sociedade como coadyuvante do desenvolvemento socio-económico,

- Elaborar informes, estudos ou dictames sobre as materias científicas que lle son propias.

- Fomentar as relacións con outras institucións en áreas de interese común.

- Achegar á sociedade en xeral, a través dos distintos medios de comunicación, información e opinión documentada e contrastada sobre cuestións de índole científica que sexan de conveniente difusión.

3.- De conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de educación e cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega de Ciencias**, con CIF: Q1568010A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do Curso *“Nanotecnoloxía ao servizo da sociedade: retos e solucións do presente e do futuro”*.

O ciclo articularase en 12 conferencias complementadas con espazos de diálogo e reflexión, e terá lugar nas tres cidades principais da provincia da Coruña: A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela.

O proxecto desenvolverase baixo o seguinte programa:



### Seminario 1. Introducción á Nanotecnoloxía

### Seminario 2. Materiais, Enerxía e Medioambiente

### Seminario 3. Ciencias da Vida

### Seminario 4. Tecnoloxías da Información e da Comunicación

## II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Conferencias: 250 € x 12	3.000,00
Coordinación: 450 € x 2	900,00
Transmisión telemática: 1.000 € x 4	4.000,00
Organización:	4.000,00
Deseños e imprenta:	3.700,00
Difusión:	4.000,00
Desprazamento e estadía de relatores e coordinadores: 600 x 9	5.400,00

**Total gastos: 25.000,00 €**

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación alcanzará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial,



non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega de Ciencias, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Ciencias.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Ciencias unha vez que se presente de xeito telemático ( a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

**\*Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Ciencias, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

**\* Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.



\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2026**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Ciencias deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega de Ciencias para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Ciencias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Ciencias na documentación aportada.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.



## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Real Academia Galega de Ciencias destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Ciencias deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación



da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Ciencias, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.



2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

(O Sr. Rioboo Castro entra no Salón de Plenos).

**4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Ecos do Sur para financiar a Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social e do correspondente convenio de colaboración.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 13 de maio de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, á Asociación Ecos do Sur para financiar a Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social, cun orzamento subvencionado de 220.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/781 do vixente orzamento xeral.



5.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ecos do Sur polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social**

Na Coruña, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Ante min, \_\_\_\_\_, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dña \_\_\_\_\_ o/a Presidente/a da Asociación Ecos do Sur

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

1.- A Asociación Ecos do Sur é unha entidade sen ánimo de lucro e, segundo se indica no artigo 4 dos seus estatutos, e establece como fines da entidade, entre outros:

- Contribución ao desenvolvemento, a xustiza e a equidade globais, apoiando a implantación da axenda 2030 tanto nas sociedades de emisión como de tránsito e acollida de persoas migrantes, desde unha perspectiva de cooperación, interdependencia e coresponsabilidade, nun marco de respecto ao Dereitos Humanos.

- Protección e apoio ás familias e a infancia, en todas as súas vertentes e especialmente ás familias de especial consideración, como as monoparentais, e familias en situación de especial vulnerabilidade económica.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Ecos do Sur, ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Ecos do Sur, NIF G15354483, para o



cofinanciamento da Adquisición dunha vivenda para a creación dun dispositivo residencial para familias en risco de exclusión social, cuxo ben inmovible se describe de seguido:

DENOMINACIÓN DA FINCA: R/ Luis López Casanegra 7 Es 1 PI 02 Pt C 15006 A Coruña

REFERENCIA CATASTRAL: 9677301NH4997N0011PJ

INSCRIPCIÓN REXISTRAL:15019000254988

## **II.- Orzamento para a adquisición.**

Segundo o informe de valoración que se achegou pola Asociación Ecos do Sur o importe de taxación ascende 229.950,55 € e o orzamento máximo para a adquisición ascende a 220.000,00 €.

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **60.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **27,27273 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 27,27273 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistras.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ecos do Sur obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## **IV.- Contratación e execución.**

1.- Na súa condición de adquirente, corresponderalle á Asociación Ecos do Sur o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Ecos do Sur, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



2. Se o importe da adquisición supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Ecos do Sur deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, a Asociación Ecos do Sur deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1. A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Ecos do Sur unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente.
- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación Ecos do Sur e acreditación da inscrición rexistral a prol de dita entidade, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía.

#### **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- A Asociación Ecos do Sur deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta punto 1 antes do 31 de outubro de 2026.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorridos estes derradeiros prazos sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Ecos do Sur para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.



A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Ecos do Sur da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

3.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Ecos do Sur na documentación achegada.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación Ecos do Sur deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Asociación Ecos do Sur destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Ecos do Sur poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Ecos do Sur queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que



poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de atraso na adquisición do inmovible ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Ecos do Sur serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Ecos do Sur será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o 1 de novembro de 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 decembro de 2026**.



Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Asociación Ecos do Sur, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

**5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga para financiar a Rehabilitación enerxética do centro asistencial APADER e do correspondente convenio de colaboración.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 15 de maio de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 160.000,00 €, á Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga para financiar as *Obras de mellora da Residencia Gonzalo Latorre -APADER*, cun orzamento subvencionado de 241.866,06 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026-27, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/781 do vixente orzamento xeral.

6.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

7.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Rehabilitación enerxética do centro asistencial APADER**

Na Coruña, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Ante min, \_\_\_\_\_, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dña \_\_\_\_\_ o/a Presidente/a da Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanelles atribuídas



## MANIFESTAN

1.- Que a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga é unha entidade sen ánimo de lucro e, que conforme aos seus estatutos, ten como fins, entre outros:

- A creación de centros educativos, laborais e residenciais para os deficientes mentais tanto de aqueles cuxos padres ou tiores estean asociados en APADER como os que non o estean.
- Velar porque os deficientes do ámbito territorial de APADER estean debidamente atendidos en institucións adecuadas.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga, ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga, NIF G15051741, para o financiamento da Rehabilitación enerxética do centro asistencial APADER.

A Rehabilitación enerxética do centro asistencial APADER aparece definida no proxecto realizado por Patricia Montes Andrés, Arquitecta con número de colexiada 2.907 e Carmen Boedo Blanco, Arquitecta con número de colexiada 3.100.

### II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 350.200,51 € co seguinte desagregado:

<b>IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>243.211,69</b>
13 % Gastos xerais	31.617,52
6 % Beneficio industrial	14.592,70
<b>IMPORTE DE EXECUCIÓN</b>	<b>289.421,91</b>
21 % I.V.E.	60.778,60
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>350.200,51</b>



### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **160.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **45,68811 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **45,68811 %**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación e execución.**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

### **V.- Difusión do financiamento provincial.**

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.



## VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

- \* **Certificación/s** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista.
- \* **Factura/s** expedidas polo contratista.
- \* **Certificación** de aprobación da/s mesma/s polo órgano competente.
- \* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- \* **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada.
- \* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de difusión previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

## VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.



A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.



2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 24 de novembro de 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2027**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026-27 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Reoga, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

**6.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da "saneamento e humanización da Rúa Rosalía de Castro, Negreira".**



## VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Negreira **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras da “saneamento e humanización da Rúa Rosalía de Castro, Negreira”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras** da “saneamento e humanización da Rúa Rosalía de Castro, Negreira”, cunha achega provincial de **144.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización** o que representa un coeficiente de financiamento do **57,60 %** respecto dun orzamento de **249.999,99 euros**.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

## ANEXO

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEGREIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “SANEAMENTO E HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, NEGREIRA”.**

Na Coruña, a \_\_\_\_\_

## INTERVEÑEN

**Dunha parte**, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C , representada polo seu Presidente, D. \_\_\_\_\_ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado



mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. \_\_\_\_\_ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Negreira**, con CIF P1505700C, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. \_\_\_\_\_ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

### ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Negreira**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

*“... A obra emprazase nunha das zonas antigas do núcleo urbano, unha zona onde se atopa o Colexio Ceip O COTO que actualmente conta cuns 540 rapaces, así como na parte sur o Centro de Saúde e o Cuartel da Garda Civil, tres servizos de moita afluencia de veciñ@s diariamente.*

*A urxencia ven dada pola problemática xurdida a raíz duns atascamentos xurdidos en xullo do 2021 donde se produciron afundimentos nalgún punto da rúa por rotura das propias canalizacións existentes ao seren moi antigas de formigón e estaren moi gastadas, pero sobre todo por estaren moi saturadas de augas pluviais que van polos mesmos colectores que as fecais e que causaron grandes danos a moitos dos nosos veciños incluso con inundacións en varios baixos o veran anegar os seus baixos por subir a auga e lixo polo propio desaugues dos seus aseos agravándose constantemente cada vez que chove con certa intensidade e que as infraestruturas seguen a padecer continuos desperfectos.*

*A actual rede acomete todos os servizos das catro rúas perpendiculares, incluíndo as vivendas sitas no mesmo emprazamento, sen realizarse unha rede separativa entre augas pluviais e fecais orixinando a seguinte problemática:*

- Exceso de caudal da rede existente.
- Continuos atascos na rede, provocando:
  - o Inundacións en sotos de garaxes e baixos comerciais, Colexio CEIP O COTO etc.
  - o Retornos de augas fecais polas redes hasta arquetas dentro de propiedades privadas, dos vestiarios e dos aseos do colexio CEIP O Coto, cos conseguintes problemas sanitarios e para a saúde.
- Exceso de rendemento da EDAR provocado polo caudal excesivo.
- Incapacidade para evacuación de augas pluviais --> Inundacións e rúas, levantamento de tapas de rexistros e rotura da canalización existente por desgaste e



*sobresaturación da mesma.*

*o Afectan as rúas perpendiculares que desembocan as canalizacións nesta mesma rúa como poden ser Rúa Víctor García Ferreiro, Rúa Corzán, Rúa do Tambre e Avda. Brañas, así como inundacións doutras rúas que dan continuidade a estas canalizacións por sobrecargamento das mesmas.*

*A devandita obra considerase de interese público debido a que a mellora das redes beneficiará tanto aos residentes nas vivendas do perímetro como as instalacións de educación primaria.*

*Mellorará as condicións hixiénico-sanitarias das rúas, garaxes, prazas, ..., xerando un mellor ambiente e mellor calidade de vida, nunha zoa escolar e de ocio infantil como pode ser o entorno do Parque do Coto. Mellorará os servizos dos locais comerciais da zona, favorecendo así o seu emprendemento e incrementando a actividade comercial.*

*Economicamente, reverterá o gasto das instalacións de depuración de augas cunha rede separativa e creando unha mellor xestión do rendemento da EDAR así como reducindo o gasto en reparación de servizos do Concello con atascos e rotura continua da canalización. ...”*

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

## COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 26, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial ( art.36.1, letra d).

## MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

## ACORDAN

Formalizar o presente **CONVENIO DE COOPERACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO



O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Negreira** con CIF P1505700C para o financiamento da obra denominada “**saneamento e humanización da Rúa Rosalía de Castro, Negreira**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado suscrito por Cerna Arquitectos SCP: María Cruz Vigo Castro, Flavia C. Piñeiro Ces e Francisco J. Prieto Orallo, asinado en setembro 2023.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	173.623,16	euros
Gastos xerais 13,00%	22.571,01	euros
Beneficio Industrial 6,00 %	10.417,39	euros
IVE (21%)	43.388,43	euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>249.999,99</b>	<b>euros</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **144.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **57,60%**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre



o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexas, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria \_\_\_\_\_ do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente



Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. ( Cláusulas III.3 e XIV.3)

#### V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
  - Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
  - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
  - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
  - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.



- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.



5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

## VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso,



- no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.
4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.
  5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións



previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Negreira** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.
2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

## **XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30/10/2027**, o que representa un período de vixencia de \_\_\_\_\_ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.



2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.
3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

**De considerarse xustificadas os motivos aducidos**, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

**O dito prazo será máximo** e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

<b>TOTAL</b>	<b>517.044,66</b>	<b>0,00</b>	<b>517.044,66</b>		



POS-2026

ANEXO VI: PLAN COMPLEMENTARIO  
INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES

Lenda:  
(1) Autorización xa chegada polo concello pero a documentación está incompleta

Concello	Denominación	Deputación	IVE deducible	Orzamento total	Condición
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Ampliación rede abastecemento de transporte na variante de Aradas	540.801,91		540.801,91	- Supervisión favorable do proxecto - Anexo V: Informe técnico sobre o investimento - Anexo VI: Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos - Anexo VII: Memoria específica da alcaldía específica de cada investimento financieramente sostible solicitado - Anexo VIII: Informe da intervención ou secretaría-intervención específico de cada investimento financieramente sostible solicitado - Anexo IX: Certificación da resolución da alcaldía ou do acordo da xunta da non división en lotes do investimento incluído - Anexo X a): Informe da secretaría do concello sobre o investimento relativo ao ciclo da auga - Anexo X b): Informe da intervención sobre investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable
	Rehabilitación da Ponte de Gallufe	46.274,77		46.274,77	- Autorización Augas de Galicia - Supervisión favorable do proxecto - Anexo VIII: Informe da intervención ou secretaría-intervención específico de cada investimento financieramente sostible solicitado
	<b>TOTAL</b>	<b>587.076,68</b>	<b>0,00</b>	<b>587.076,68</b>	
SANTISO	Mellora viario Mourazos - A Pena e outro	41.067,71		41.067,71	
	Mellora viario Vilasoa - Pumares	34.099,01		34.099,01	
	Mellora viario Trebolo	41.016,45		41.016,45	
	Mellora viario de Monteagudo a Espiñeira	54.902,84		54.902,84	
	Mellora viario Graña - Pufiñ	41.125,09		41.125,09	
	Mellora viario Sarandeses - Concello Vello	36.467,16		36.467,16	
	Mellora viario Rairiz estrada DP-7901	114.597,08		114.597,08	
	Mellora viario Barco - Gosenwe	41.039,50		41.039,50	
	Mellora viario Outeiro	32.757,65		32.757,65	
	Mellora viario Amboaxe - Cruz	40.928,26		40.928,26	
<b>TOTAL</b>	<b>530.536,48</b>	<b>0,00</b>	<b>530.536,48</b>		
SOBRADO	Mellora de viais en Fraga, Froxa e Ponte Sampedra	40.780,59		40.780,59	- Autorización Patrimonio Cultural -Xunta
	Mellora de viais en Guitizá, Portacal e de Codésoso do Monte a San Cibrá	46.300,78		46.300,78	- Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI)
	Mellora do vial do Bocelo, Pousada	38.686,73		38.686,73	
<b>TOTAL</b>	<b>125.768,10</b>	<b>0,00</b>	<b>125.768,10</b>		
SOMOZAS, AS	Mellora abastecemento de auga en Vilaçhave	54.865,09	11.521,67	66.386,76	- Supervisión favorable do proxecto - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI)
	<b>TOTAL</b>	<b>54.865,09</b>	<b>11.521,67</b>	<b>66.386,76</b>	
TEO	Afirmado e acondicionamento do viario municipal entre Montouto e Penelas	136.406,77		136.406,77	- Supervisión favorable do proxecto
	<b>TOTAL</b>	<b>136.406,77</b>	<b>0,00</b>	<b>136.406,77</b>	
TOQUES	Pista Mangoeiro Bragaña	35.022,59		35.022,59	
	Acceso en Outeiro (Santa Uxia)	85.701,18		85.701,18	
	Pista Codésas e outros	97.917,84		97.917,84	
	Mellora de acceso a Penaventosa e outro	67.558,94		67.558,94	- Autorización Patrimonio Natural -Xunta
<b>TOTAL</b>	<b>286.200,55</b>	<b>0,00</b>	<b>286.200,55</b>		



POS+2026  
ANEXO VI: PLAN COMPLEMENTARIO  
INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES

Lenda:  
(1) Autorización xa achegada polo concello pero a documentación está incompleta

Concello	Denominación	Deputación	IWE deducible	Orzamento total	Condición
TORDOIA	Mellora do acceso a Bouzarán	57.414,16		57.414,16	
	Mellora da pista Guillufe - Portocifos	40.613,06		40.613,06	
	Mellora da pista Castenda - Guillufe	75.315,78		75.315,78	
	Mellora do firme no Castro	45.602,44		45.602,44	- Autorización Patrimonio Cultural - Xunta (1)
	Abastecemento a A Pontraga	55.765,57	0,00	55.765,57	- Supervisión favorable do proxecto - Autorización do concello limitrofe para a conexión da infraestrutura - Ratificación polo Pleno municipal da modificación da solicitude
	Mellora do entorno no pavillón municipal de deportes de Pontepedra	41.136,91		41.136,91	- Supervisión favorable do proxecto
	Mellora do firme na Costa e outro	47.787,96		47.787,96	
	Ampliación de saneamento en Bedrobe	48.490,68		48.490,68	- Supervisión favorable do proxecto - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Ratificación polo Pleno municipal da modificación da solicitude
	<b>TOTAL</b>	<b>412.126,56</b>	<b>0,00</b>	<b>412.126,56</b>	
	<b>TOTAL</b>	<b>123.100,45</b>	<b>0,00</b>	<b>123.100,45</b>	
TOURO	Renovación do alumeadado público da parroquia de Loxo	123.100,45		123.100,45	- Supervisión favorable do proxecto - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI)
<b>TOTAL</b>	<b>122.198,75</b>	<b>0,00</b>	<b>122.198,75</b>		
TRAZO	Mellora do núcleo de Víaño Grande	122.198,75		122.198,75	
<b>TOTAL</b>	<b>122.198,75</b>	<b>0,00</b>	<b>122.198,75</b>		
VAL DO DUBRA	Beirarrúas a Nariño	217.416,04		217.416,04	- Supervisión favorable do proxecto - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación
	Rede de saneamento en Erviñou	200.041,69		200.041,69	- Supervisión favorable do proxecto corrido e aprobación polo concello - Autorización Augas de Galicia
	<b>TOTAL</b>	<b>417.457,73</b>	<b>0,00</b>	<b>417.457,73</b>	- Anexo VI: Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos
VALDOVIÑO	Edificación para finalización de obras de vestiarios para campo de fútbol municipal de Mourente concello de Valdoviño	264.902,12		264.902,12	- Supervisión favorable do proxecto
	Reparación de firme na estrada de Taraza a AC-116	277.389,84		277.389,84	- Supervisión favorable do proxecto
	Pantín, Porto Do Cabo, Braxe, Lameira, Pallotas e A Pedreira	178.456,81		178.456,81	
	Saneamento e bombeo en Montefaró	208.475,82		208.475,82	- Supervisión favorable do proxecto
	<b>TOTAL</b>	<b>929.224,59</b>	<b>0,00</b>	<b>929.224,59</b>	
VEDRA	Reforma de camiños en Vilapedre, Picón, a Torre e San Pedro de Sarandón	270.750,58		270.750,58	- Supervisión favorable do proxecto - Autorización Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)
	Reforma de camiños en o Francés, Agrelo e Canicoba	148.026,92		148.026,92	- Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia
	<b>TOTAL</b>	<b>418.777,50</b>	<b>0,00</b>	<b>418.777,50</b>	
VILARMAIOR	Mellora de firme de viais en Castiñeira	80.487,39		80.487,39	
	<b>TOTAL</b>	<b>80.487,39</b>	<b>0,00</b>	<b>80.487,39</b>	
VILASANTAR	Reforzo do firme de calzada con mezcla bituminosa en quente (M.B.Q) dos camiños nos lugares Campo da Feira, Follente e aparcamento da piscina municipal	107.358,73		107.358,73	
	<b>TOTAL</b>	<b>107.358,73</b>	<b>0,00</b>	<b>107.358,73</b>	
	<b>TOTAL</b>	<b>170.610,96</b>	<b>0,00</b>	<b>170.610,96</b>	- Supervisión favorable do proxecto
VIMIANZO	Pavimentación de viairos en Sansobre	170.610,96		170.610,96	
<b>TOTAL</b>	<b>170.610,96</b>	<b>0,00</b>	<b>170.610,96</b>		



POS+2026

ANEXO VI: PLAN COMPLEMENTARIO  
INVERSIONES FINANCIERAMENTE SOSTIBLES

Lenda:

(1) Autorización xa achegada polo concello pero a documentación está incompleta

Concello	Denominación	Deputación	IVE deducible	Orzamento total	Condición
ZAS	Renovación beirarrúas núcleo urbano de Zas	100.463,47		100.463,47	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) - Anexo V: Informe técnico sobre o investimento - Anexo IX: Certificación da resolución da alcaldía ou do acordo da xunta da non división en lotes do investimento incluído
	<b>TOTAL</b>	<b>100.463,47</b>	<b>0,00</b>	<b>100.463,47</b>	
CARIÑO	Execución de cerramento e gradas na pista polideportiva municipal de Cariño	96.955,73		96.955,73	- Supervisión favorable do proxecto
	<b>TOTAL</b>	<b>96.955,73</b>	<b>0,00</b>	<b>96.955,73</b>	
<b>TOTAL</b>		<b>34.024.009,66</b>	<b>35.831,70</b>	<b>34.059.841,36</b>	
		<b>NÚMERO DE CONCELLOS</b>	<b>93</b>		
		<b>NÚMERO DE OBRAS</b>	<b>241</b>		



**11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento en Brantuas de Abaixo", do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023, co código 2023.2000.0208.0**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento en Brantuas de Abaixo” do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 co código 2023.2000.0208.0, no que se acreditan os seguintes

**ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Ponteceso cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Ponteceso	2023.2000.0208.0	Saneamento en Brantuas de Abaixo	121.099,69	0,00	121.099,69

Logo de ver a Resolución de autorización de vertido de augas residuais domésticas asinada o 21 de xaneiro de 2026, polo director de Augas de Galicia, e cun período de validez de cinco anos.

Logo de ver a Resolución de autorización de Augas de Galicia asinada dixitalmente o 15 de maio de 2026, polo director de Augas de Galicia, e cun período de validez de 24 meses ao haberse producido a caducidade da anterior resolución de autorización, xunto co informe do redactor do proxecto de 18 de maio de 2026, no que indica que o mesmo cumpre coas condicións esixidas na antedita resolución.

Logo de presentar o Concello de Ponteceso un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 1 de abril de 2026, polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, en representación da empresa BERCAL CINMA S.L que foi aprobado por acordo da Xunta do Goberno Local do Concello de Ponteceso en sesión realizada o 21 de abril de 2026, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que está aínda sen adxudicar, cun orzamento de contrata de 160.920,68 €,



que supón un incremento de 39.820,99 € en relación co proxecto inicial, que tiña un orzamento de contrata de 121.099,69 €, que é asumido integramente polo concello, segundo consta no documento contable de retención de crédito (RC) asinado o 14 de maio de 2026, por importe de 39.820,99 €, que foi redactado coa finalidade de actualizar os prezos contidos no proxecto inicial, xa que debido ao retraso en obter algunhas autorizacións os prezos que figuran no proxecto inicial se atopan moi desactualizados, aproveitando tamén para incorporar algunhas unidades de obra adicionais, co obxecto de garantir a correcta execución das actuacións previstas e evitar que a licitación poida quedar deserta ou que se produzan incidencias durante a execución das obras.

Tendo en conta o informe do arquitecto técnico municipal no que indica que todas as autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto inicial seguen sendo válidas para este proxecto modificado de 1 de abril de 2026, que conta ademais coa supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica desta deputación de data 13 de abril de 2026.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases Reguladoras do POS+2023, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento en Brantuas de Abaixo” do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 co código 2023.2000.0208.0, que aínda non está adxudicado, e que foi aprobado polo Concello de Ponteceso, previos os correspondentes informes favorables, coa finalidade de actualizar os prezos contidos no proxecto inicial xa que debido ao retraso en obter algunhas autorizacións os prezos que figuran no proxecto inicial se atopan moi desactualizados, aproveitando tamén para incorporar algunhas unidades de obra adicionais, co obxecto de garantir a correcta execución das actuacións previstas e evitar que a licitación poida quedar deserta ou que se produzan incidencias durante a execución das obras, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Ponteceso, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Ponteceso “Saneamento en Brantuas de Abaixo” Código 2023.2000.0208.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
<b>Deputación</b>	121.099,69	121.099,69	0,00
<b>Concello</b>	0,00	39.820,99	39.820,99
<b>Total</b>	<b>121.099,69</b>	<b>160.920,68</b>	<b>39.820,99</b>

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ponteceso para os efectos oportunos.”



**12.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a abril de 2026.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de abril de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de abril de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

**13.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente correspondente ao primeiro trimestre de 2026.**

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña), correspondente ao primeiro trimestre de 2026, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**14.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial da Coruña e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2026.**

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial da Coruña e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra



Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2026, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

**15.- Dación de conta ao Pleno da Corporación Provincial da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2025 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon).**

Dáse conta ao Pleno da Corporación Provincial da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2025 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon).

**16.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Oza Cesuras respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Oza Cesuras, adoptado na sesión plenaria do 24 de abril de 2026, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial.”

**17.- Aprobación da solicitude á Administración Tributaria do Estado da delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas para o Concello**



## Mugardos.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Solicitar do Ministerio de Facenda, a través da Delegación Especial da Axencia Estatal de Administración Tributaria en Galicia, a delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, a que se refire o apartado 3 do artigo 91 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, para o Concello de Mugardos que, ao amparo do disposto no artigo 7 do citado texto legal, delegou nesta Corporación o exercicio das competencias municipais en materia de xestión tributaria e recadatoria.

2º Comunicarlle este acordo, de maneira expresa, antes do 1 de outubro de 2026, á Administración Tributaria do Estado.”

## **18.- Aprobación inicial da modificación da Relación de postos de traballo 2026.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

### ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“Vista a documentación obrante no expediente de referencia, onde constan os seguintes

#### I.- ANTECEDENTES.

Con data 8 de abril de 2026 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou a sentenza 00211/2026, que declara nula a modificación do sistema de provisión pola que se estableceu a libre designación como sistema de provisión do posto de xefatura de servizo de patrimonio e contratación.

Por Resolución da Presidencia desta Deputación do 24 de abril do 2026 declarase o acatamento da citada sentenza 00211/2026 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En base aos seguintes



## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Artigo 33.2.a) e f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo.

Artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Á vista do exposto, ACÓRDASE:

1. Modificar a forma de provisión do posto de traballo denominado Xefatura de servizo de patrimonio e contratación (1.1.356.1), que pasa a ser concurso específico.
2. Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo 2026 e dispor, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.
3. Unha vez aprobada definitivamente, remitir copia da modificación da relación de postos de traballo aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia no prazo de trinta días.
4. Publicar o modificación da relación de postos de traballo 2026 no Boletín Oficial da Provincia.”

**19.- Aprobación da segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto Vía Verde no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Aprobar o texto da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, con CIF Q1500394J, para a execución do “**PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE**” no marco do Plan de Recuperación, Transformación, e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU

O texto íntegro do convenio é o seguinte:



## SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o 9 de outubro de 2023 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2025.

O 30 de setembro de 2025 asinouse unha addenda cuxo obxecto é a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, e a autorización de prórroga.

A vixencia do convenio esténdese ata o 30 de xuño de 2026.



**Segundo.-** A Decisión de Execución do Concello relativa á aprobación da avaliación do PRTR de España establece para o C14.I1.2 unha serie de Fitos e Obxectivos vinculantes denominados CID (Council Implementing Decision) para esta Submedida que foron simplificados na Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026. Dita Adenda elimina o Fito 220 da Decisión de Execución do Consello pola que se aproba a avaliación do PRTR (documento CID, nas súas siglas en inglés). Anteriormente este fito 220 fixo referencia ao grado intermedio de execución dos Plans de Sostenibilidade Turística en Destinos (PSTD), establecendo que, a 31 de decembro de 2024, as Comisións de Seguemento debían asegurar que todos os destinos beneficiarios alcanzasen, como mínimo, as seguintes porcentaxes de execución de cada plan:

- 50 %, no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- 30 %, no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- 15 %, no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Así mesmo, a Adenda modifica o Fito CID 221, que na súa redacción anterior establecía que, a 30 de xuño de 2026, debía certificarse a finalización de todos os proxectos incluídos nos “Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos”, adxudicados conforme aos obxetivos 217, 218 y 219, destinándose polo menos o 35 % dos fondos a financiar actuacións vinculadas á transición verde, a sostenibilidade e a eficiencia enerxética e a electromovibilidade nos destinos.

A nova redacción do Fito CID 221 mantén o 30 de xuño de 2026 como prazo máximo para a finalización das actuacións incluídas nos PSTD, que pasan a constituir a unidade de medida para a xustificación. Neste sentido, para un número total acumulado de 4.200 actuacións, esíxese a acreditación da súa finalización mediante algún dos seguintes instrumentos:

- informes finais acreditativos da finalización das actividades subvencionadas por parte dos beneficiarios (entidades ou particulares) de subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos»,
- ou confirmacións por parte da Administración da execución das obras contratadas no ámbito dos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos»,
- ou certificacións de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos».

A Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026 é a que permite que as Comunidade Autónoma de Galicia poida prorrogar a execución dos PSTD. Esta ampliación de prazos leva aparellada a ampliación do prazo de amortización do anticipo reembolsable.

Así mesmo, fai preciso modificar as cláusulas do obxecto do convenio, das obrigas da entidade beneficiaria e de prazo e forma da xustificación no contido referido expresamente ao Fito 220 e 221.

**Terceiro.-** A necesidade imperativa de dotar ao proxecto dunha maior axilidade administrativa fai preciso dotar á Comisión de Seguemento de potestades que lle permitan actuar ante incidencias operativas non sustanciais e evitar trámites redundantes que dilaten a execución, para garantir a eficacia e o bo fin do proxecto, o que mellora a eficiencia operativa e a optimización do seguimento, evitando demoras innecesarias na execución baixo a premisa de que as solucións técnicas e operativas adoptadas de forma urxente por esta vía sexan posteriormente ratificadas e validadas pola Comisión Bilateral.



De este modo, garantízase unha execución fluida sen renunciar ao control xerárquico e á seguridade xurídica que proporciona o máximo órgano de decisión, todo isto de acordo co previsto na Resolución de 24 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica a modificación do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco da Compoñente 14, Inversión 1, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**Cuarto.-** A ampliación de prazo de presentación da documentación xustificativa fundaméntase na necesidade de garantir unha óptima execución da actividade subvencionada, asegurando que o cumprimento dos obxectivos previstos alcance os estándares de calidade técnica e rigor administrativo. Dadas as circunstancias de complexidade documental, resulta imprescindible dispoñer dunha marxe adicional que permita unha correcta e completa xustificación dos fondos públicos recibidos, evitando que se comprometa a finalidade de axuda ou a transparencia do procedemento. Esta medida, amparada no artigo 32 da Lei 39/2015, non supón prexuízo para terceiros e busca, exclusivamente, o interese xeral mediante a consecución o proxecto financiado.

Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ó obxecto, as obrigas da entidade beneficiaria, as condicións e amortización do anticipo reembolsable, a comisión de seguimento, o prazo e forma de xustificación e a vixencia

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Obxecto**

Modifícanse as cláusulas primeira, quinta, sétima, novena, décima e décima sexta, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

#### **“Primeira. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 218 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

### **Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria**

Compromisos asumidos en canto á execución do subproxecto:



1.-De conformidade co disposto na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.

Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
- f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:

- a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 218 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.
- b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.
- c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro



determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. E no enlace <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

A este respecto, a entidade local beneficiaria deberá aplicar o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude na aplicación de fondos públicos: "Plan Xeral de prevención de riscos na xestión económica-financeira e de medidas antifraude (PREMADECOR) da Deputación Provincial da Coruña".

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos.

No enlace <https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/CanalAntifraude> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervinientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

Así mesmo, as persoas decisoras da operación deberán asinar electronicamente as DACI (modelo A2) respecto das persoas participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, de acordo co establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Esta formulación realizarase, unha vez coñecidas as ditas persoas participantes, pola persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables:

- Órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.
- Órgano competente para a concesión de subvencións e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

d) Someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados



ao proxecto mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Axencia de Turismo de Galicia, así como ao control financeiro deles pola Consellería de Facenda da comunidade autónoma e o Tribunal de Contas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión Europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas.

e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia tanta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV.B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV.C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigaón de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde que se abonase o saldo da operación financeira, ou por un período de tres anos, cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á



Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.

m) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respetaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se preveña que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa



Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalguna das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

#### **Sétima. Condicións e amortización do anticipo reembolsable.**

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes:

O tipo de interese é do 0%, e o prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de decembro de 2026.

2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo reembolsable

#### **Novena. Comisión de seguimento.**

1. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:

Dous representantes da comunidade Autónoma

Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

5. A Comisión de Seguimento poderá informar favorablemente as modificacións non substanciais das actuacións previstas, previa solicitude motivada e sempre que respondan á mesma finalidade e obxectivos da intervención aprobada, non alteren a coherencia global do Plan Territorial, non supoñan incremento do orzamento inicial asignado, nin afecten aos compromisos derivados do PRTR.

Para os efectos de garantir a correcta execución do PRTR, no tramo final do período de execución, poderán considerarse validamente informadas pola Comisión de Seguimento aquelas modificacións non substanciais acordadas dende o 01.01.2026, sempre que a súa formalización definitiva se produza mediante o instrumento procedente e non afecten aos compromisos asumidos ante a Comisión Europea.

6. Respecto das modificacións substanciais, as ditas modificacións deberán seguir o procedemento establecido.

#### **Décima.- Prazo e forma de xustificación.**

1. A Deputación da Coruña, finalizará a execución das actuacións obxecto do convenio, efectuará os seus pagamentos e terá subido ó aplicativo establecido ao efecto a documentación preceptiva como data límite o 30 de xuño de 2026. A documentación xustificativa terá de data límite para a súa presentación ante a Axencia de Turismo de Galicia o 30 de setembro de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as



singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterà a seguinte documentación:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
- c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
- d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.
- e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.
- f) Certificado emitido polo concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención
- g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.
- h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, para un número total acumulado de 4200 actuacións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos» exíxese a acreditación da súa finalización mediante: os informes finais ou memorias xustificativas por parte dos beneficiarios (públicos ou privados) para as subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», ou certificados ou actas de conformidade para os contratos recollidos nos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», o certificado de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos».

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

#### **Decima sexta.-Vixencia.**

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2026.

#### **Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de**

\*\*RPT-6654235



## **datos persoais.**

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

## **Terceira. Condicións**

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia  
O director  
José Manuel Merelles Remy

Pola Deputación da Coruña  
O vicepresidente  
Xosé Regueira Varela”

## **20.- Aprobación da segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto de Fogóns do Anllóns no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Aprobar o texto da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Excm. Deputación Provincial da Coruña con CIF Q1500394J, para financiar o “Plan de sustentabilidade turística Os Fogóns do Anllóns”.

O texto da Addenda do Convenio é o seguinte:



## SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA OS FOGÓNS DO ANLLÓNS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o 9 de outubro de 2023 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2025.

O 30 de setembro de 2025 asinouse unha addenda cuxo obxecto é a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, a actualización das DACI e a autorización de prórroga.

A vixencia do convenio esténdese ata o 30 de xuño de 2026.



**Segundo.-** A Decisión de Execución do Concello relativa á aprobación da avaliación do PRTR de España establece para o C14.I1.2 unha serie de Fitos e Obxectivos vinculantes denominados CID (Council Implementing Decision) para esta Submedida que foron simplificados na Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026. Dita Adenda elimina o Fito 220 da Decisión de Execución do Consello pola que se aproba a avaliación do PRTR (documento CID, nas súas siglas en inglés). Anteriormente este fito 220 fixo referencia ao grado intermedio de execución dos Plans de Sostenibilidade Turística en Destinos (PSTD), establecendo que, a 31 de decembro de 2024, as Comisións de Seguemento debían asegurar que todos os destinos beneficiarios alcanzasen, como mínimo, as seguintes porcentaxes de execución de cada plan:

- 50 %, no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- 30 %, no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- 15 %, no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Así mesmo, a Adenda modifica o Fito CID 221, que na súa redacción anterior establecía que, a 30 de xuño de 2026, debía certificarse a finalización de todos os proxectos incluídos nos “Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos”, adxudicados conforme aos obxetivos 217, 218 y 219, destinándose polo menos o 35 % dos fondos a financiar actuacións vinculadas á transición verde, a sostenibilidade e a eficiencia enerxética e a electromovidade nos destinos.

A nova redacción do Fito CID 221 mantén o 30 de xuño de 2026 como prazo máximo para a finalización das actuacións incluídas nos PSTD, que pasan a constituir a unidade de medida para a xustificación. Neste sentido, para un número total acumulado de 4.200 actuacións, esíxese a acreditación da súa finalización mediante algún dos seguintes instrumentos:

- informes finais acreditativos da finalización das actividades subvencionadas por parte dos beneficiarios (entidades ou particulares) de subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos»,
- ou confirmacións por parte da Administración da execución das obras contratadas no ámbito dos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos»,
- ou certificacións de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos».

A Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026 é a que permite que as Comunidade Autónoma de Galicia poida prorrogar a execución dos PSTD. Esta ampliación de prazos leva aparellada a ampliación do prazo de amortización do anticipo reembolsable.

Así mesmo, fai preciso modificar as cláusulas do obxecto do convenio, das obrigas da entidade beneficiaria e de prazo e forma da xustificación no contido referido expresamente ao Fito 220 e 221.

**Terceiro.-** A necesidade imperativa de dotar ao proxecto dunha maior axilidade administrativa fai preciso dotar á Comisión de Seguemento de potestades que lle permitan actuar ante incidencias operativas non sustanciais e evitar trámites redundantes que dilaten a execución, para garantir a eficacia e o bo fin do proxecto, o que mellora a eficiencia operativa e a optimización do seguimento, evitando demoras innecesarias na execución baixo a premisa de que as solucións técnicas e operativas adoptadas de forma urxente por esta vía sexan posteriormente ratificadas e validadas pola Comisión Bilateral.



De este modo, garantízase unha execución fluida sen renunciar ao control xerárquico e á seguridade xurídica que proporciona o máximo órgano de decisión, todo isto de acordo co previsto na Resolución de 24 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica a modificación do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco da Compoñente 14, Inversión 1, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**Cuarto.-** A ampliación de prazo de presentación da documentación xustificativa fundaméntase na necesidade de garantir unha óptima execución da actividade subvencionada, asegurando que o cumprimento dos obxectivos previstos alcance os estándares de calidade técnica e rigor administrativo. Dadas as circunstancias de complexidade documental, resulta imprescindible dispoñer dunha marxe adicional que permita unha correcta e completa xustificación dos fondos públicos recibidos, evitando que se comprometa a finalidade de axuda ou a transparencia do procedemento. Esta medida, amparada no artigo 32 da Lei 39/2015, non supón prexuízo para terceiros e busca, exclusivamente, o interese xeral mediante a consecución o proxecto financiado.

Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ó obxecto, as obrigas da entidade beneficiaria, as condicións e amortización do anticipo reembolsable, a comisión de seguimento, o prazo e forma de xustificación e a vixencia.

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Obxecto**

Modifícanse as cláusulas primeira, quinta, sétima, novena, décima e décima sexta, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

#### **“Primeira. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución. En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 218 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

### **Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria**

Compromisos asumidos en canto á execución do subproxecto:

1.-De conformidade co disposto na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar



incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.

Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
- f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:

- a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 218 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.
- b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.
- c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan



de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. enlace <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera E no persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

A este respecto, a entidade local beneficiaria deberá aplicar o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude na aplicación de fondos públicos: "Plan Xeral de prevención de riscos na xestión económica-financeira e de medidas antifraude (PREMADECOR) da Deputación Provincial da Coruña". Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos. No enlace <https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/CanalAntifraude> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervinientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

Así mesmo, as persoas decisoras da operación deberán asinar electronicamente as DACI (modelo A2) respecto das persoas participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, de acordo co establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Esta formulación realizarase, unha vez coñecidas as ditas persoas participantes, pola persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables:

- Órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así



como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.

- Órgano competente para a concesión de subvencións e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

d) Someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados ao proxecto mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Axencia de Turismo de Galicia, así como ao control financeiro deles pola Consellería de Facenda da comunidade autónoma e o Tribunal de Contas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión Europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Luita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas.

e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia tanta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV.B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV.C). Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco



deste convenio e a obrigaón de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde que se abonase o saldo da operación financeira, ou por un período de tres anos, cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.

m) Cumprir coas obrigaóns de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. 2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de



garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

#### **Sétima. Condicións e amortización do anticipo reembolsable.**

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes: O tipo de interese é do 0%, e o prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de decembro de 2026.

2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo reembolsable

#### **Novena. Comisión de seguimento.**

1. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros: Dous representantes da comunidade Autónoma Dous representantes da entidade local. Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e



aplicación da execución do presente convenio.

5. A Comisión de Seguimento poderá informar favorablemente as modificacións non substanciais das actuacións previstas, previa solicitude motivada e sempre que respondan á mesma finalidade e obxectivos da intervención aprobada, non alteren a coherencia global do Plan Territorial, non supoñan incremento do orzamento inicial asignado, nin afecten aos compromisos derivados do PRTR. Para os efectos de garantir a correcta execución do PRTR, no tramo final do período de execución, poderán considerarse validamente informadas pola Comisión de Seguimento aquelas modificacións non substanciais acordadas dende o 01.01.2026, sempre que a súa formalización definitiva se produza mediante o instrumento procedente e non afecten aos compromisos asumidos ante a Comisión Europea.

6. Respecto das modificacións substanciais, as ditas modificacións deberán seguir o procedemento establecido.

#### **Décima.- Prazo e forma de xustificación.**

1. A Deputación da Coruña, finalizará a execución das actuacións obxecto do convenio, efectuará os seus pagamentos e terá subido ó aplicativo establecido ao efecto a documentación preceptiva como data límite o 30 de xuño de 2026. A documentación xustificativa terá de data límite para a súa presentación ante a Axencia de Turismo de Galicia o 30 de setembro de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.

c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.

d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.

e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.

f) Certificado emitido polo concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención

g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.



2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, para un número total acumulado de 4200 actuacións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos» exíxese a acreditación da súa finalización mediante: os informes finais ou memorias xustificativas por parte dos beneficiarios (públicos ou privados) para as subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», ou certificados ou actas de conformidade para os contratos recollidos nos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», o certificado de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos». Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

#### **Decima sexta.-Vixencia.**

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2026”.

#### **Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais**

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

#### **Terceira. Condicións**

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.



Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Deputación da Coruña

O director

O vicepresidente

José Manuel Merelles Remy

Xosé Regueira Varela”

**21.- Aprobación da primeira addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto de Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar Costa Ártabra no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationeu**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Aprobar o texto da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Excma. Deputación provincial da Coruña con CIF Q1500394J, para financiar o “Plan de sustentabilidade turística en destino Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra”.

O texto da Addenda do Convenio é o seguinte:

**ADDENDA CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA “CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU**

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia



(DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o 26 de xuño de 2024 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística "Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra" da Deputación Provincial da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución. A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de maio de 2026.

**Segundo.-** A Decisión de Execución do Concello relativa á aprobación da avaliación do PRTR de España establece para o C14.I1.2 unha serie de Fitos e Obxectivos vinculantes denominados CID (Council Implementing Decision) para esta Submedida que foron simplificados na Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026. Dita Adenda elimina o Fito 220 da Decisión de Execución do Consello pola que se aproba a avaliación do PRTR (documento CID, nas súas siglas en inglés). Anteriormente este fito 220 fixo referencia ao grado intermedio de execución dos Plans de Sostibilidade Turística en Destinos (PSTD), establecendo que, a 31 de decembro de 2024, as Comisións de Seguemento debían asegurar que todos os destinos beneficiarios alcanzasen, como mínimo, as seguintes porcentaxes de execución de cada plan: 50 %, no caso dos destinos adxudicados en 2021. • 30 %, no caso dos destinos adxudicados en 2022. • 15 %, no caso dos destinos adxudicados en 2023. Así mesmo, a Adenda modifica o Fito CID 221, que na súa redacción anterior establecía que, a 30 de xuño de 2026, debía certificarse a finalización de todos os proxectos incluídos nos "Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos", adxudicados conforme aos obxetivos 217, 218 y 219, destinándose polo menos o 35 % dos fondos a financiar actuacións vinculadas á transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética e a electromovibilidade nos destinos.



A nova redacción do Fito CID 221 mantén o 30 de xuño de 2026 como prazo máximo para a finalización das actuacións incluídas nos PSTD, que pasan a constituir a unidade de medida para a xustificación. Neste sentido, para un número total acumulado de 4.200 actuacións, esíxese a acreditación da súa finalización mediante algún dos seguintes instrumentos: • informes finais acreditativos da finalización das actividades subvencionadas por parte dos beneficiarios (entidades ou particulares) de subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», • ou confirmacións por parte da Administración da execución das obras contratadas no ámbito dos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», • ou certificacións de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos».

A Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026 é a que permite que a Comunidade Autónoma de Galicia poida prorrogar a execución dos PSTD. Esta ampliación de prazos leva aparellada a ampliación do prazo de amortización do anticipo reembolsable. Así mesmo, fai preciso modificar as cláusulas do obxecto do convenio, das obrigas da entidade beneficiaria e de prazo e forma da xustificación no contido referido expresamente ao Fito 220 e 221.

**Terceiro.-**A necesidade imperativa de dotar ao proxecto dunha maior axilidade administrativa fai preciso dotar á Comisión de Seguimento de potestades que lle permitan actuar ante incidencias operativas non substanciais e evitar trámites redundantes que dilaten a execución, para garantir a eficacia e o bo fin do proxecto, o que mellora a eficiencia operativa e a optimización do seguimento, evitando demoras innecesarias na execución baixo a premisa de que as solucións técnicas e operativas adoptadas de forma urxente por esta vía sexan posteriormente ratificadas e validadas pola Comisión Bilateral. De este modo, garantízase unha execución fluida sen renunciar ao control xerárquico e á seguridade xurídica que proporciona o máximo órgano de decisión, todo isto de acordo co previsto na Resolución de 24 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica a modificación do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco da Compoñente 14, Inversión 1, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**Cuarto.-** A ampliación de prazo de presentación da documentación xustificativa fundaméntase na necesidade de garantir unha **óptima execución da actividade subvencionada**, asegurando que o cumprimento dos obxectivos previstos alcance os estándares de calidade técnica e rigor administrativo. Dadas as circunstancias de complexidade documental, resulta imprescindible dispoñer dunha marxe adicional que permita unha **correcta e completa xustificación dos fondos públicos recibidos**, evitando que se comprometa a finalidade de axuda ou a transparencia do procedemento. Esta medida, amparada no artigo 32 da Lei 39/2015, non supón prexuízo para terceiros e busca, exclusivamente, o interese xeral mediante a consecución o proxecto financiado.

Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ó obxecto, as obrigas da entidade beneficiaria, as condicións e amortización do anticipo reembolsable, a comisión de seguimento, o prazo e forma de xustificación e a vixencia

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes



## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

Modifícanse as cláusulas primeira, quinta, sétima, novena, décima e décima sexta, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

#### “Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística “Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra” da Deputación Provincial da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución. En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

### Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproxecto:

1.-De conformidade co disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I. Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.

b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.

c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.

d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).

e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.



f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. E no enlace <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

A este respecto, a entidade local beneficiaria deberá aplicar o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude na aplicación de fondos públicos: "Plan Xeral de prevención de riscos na xestión económica-financieira e de medidas antifraude (PREMADECOR) da Deputación Provincial da Coruña". Este Plan permítelle garantir e



declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos. No enlace <https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/CanalAntifraude> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervinientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

Así mesmo, as persoas decisoras da operación deberán asinar electronicamente as DACI (modelo A2) respecto das persoas participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, de acordo co establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Esta formulación realizarase, unha vez coñecidas as ditas persoas participantes, pola persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables:

- Órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.

- Órgano competente para a concesión de subvencións e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Axencia de Turismo de Galicia considere pertinentes ao longo do proceso de execución e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Fiscalía Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas da Unión Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando canta información e documentación lles sexa requirida.

e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia canta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.



Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV.B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV.C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigación de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde o pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación, ou por un período de tres anos, cando o importe do financiamento sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento,



de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.

m) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respetaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental. Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se preveña que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está



incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

#### **Sétima. Condicións e amortización do anticipo reembolsable.**

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes: O tipo de interese é do 0%, e o prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de decembro de 2026. 2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo reembolsable

#### **Novena. Comisión de seguimento.**

1. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano. 2. A Comisión no seu funcionamento rexerese polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. 3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros: Dous representantes da comunidade Autónoma Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización. 4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio. 5. A Comisión de Seguimento poderá informar favorablemente as modificacións non substanciais das actuacións previstas , previa solicitude motivada e sempre que respondan á mesma finalidade e obxectivos da intervención aprobada, non alteren a coherencia global do Plan Territorial, non supoñan incremento do orzamento inicial asignado, nin afecten aos compromisos derivados do PRTR.

Para os efectos de garantir a correcta execución do PRTR, no tramo final do período de execución, poderán considerarse validamente informadas pola Comisión de Seguimento aquelas modificacións non substanciais acordadas dende o 01.01.2026, sempre que a súa formalización definitiva se produza mediante o instrumento procedente e non afecten aos compromisos asumidos ante a Comisión Europea.

6. Respecto das modificacións substanciais, as ditas modificacións deberán seguir o procedemento establecido.

#### **Décima.- Prazo e forma de xustificación.**

1. A Deputación da Coruña, finalizará a execución das actuacións obxecto do convenio, efectuará os seus pagamentos e terá subido ó aplicativo establecido ao efecto a documentación preceptiva como data límite o 30 de xuño de 2026. A documentación xustificativa terá de data límite para a súa presentación ante a Axencia de Turismo de Galicia o 30 de setembro de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de



decembro, que conterá a seguinte documentación: a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.

c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.

d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario. e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención. f) Certificado emitido polo concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención

g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, para un número total acumulado de 4200 actuacións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos» exíxese a acreditación da súa finalización mediante: os informes finais ou memorias xustificativas por parte dos beneficiarios (públicos ou privados) para as subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», ou certificados ou actas de conformidade para os contratos recollidos nos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», o certificado de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos». Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta



non fose correcta.

#### **Decima sexta.-Vixencia.**

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2026”.

#### **Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais**

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

#### **Terceira. Condicións**

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Deputación da Coruña

O director

O vicepresidente

José Manuel Merelles Remy

Xosé Regueira Varela”

**22.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Casa do Mel para o financiamento do proxecto "CENTRO APÍCOLA E DE PRODUTOS ALIMENTARIOS", anualidade 2026.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)



## ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 22 de maio de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 356.131,98€ á Asociación Casa do Mel, NIF G70243852 para financiar o proxecto “CENTRO APÍCOLA E DE PRODUTOS ALIMENTARIOS”

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/781 do vixente orzamento xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

/2026

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CASA DO MEL PARA FINANCIAR O PROXECTO DE OBRA “CENTRO APÍCOLA E DE PRODUTOS ALIMENTARIOS”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2026.**

Na Coruña, a        de                                de                                na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

## **REUNIDOS**

D. ...., en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

D. ...., en representación da Asociación Casa do Mel

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento



## MANIFESTAN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Casa do Mel consideran de grande interese para a provincia dinamizar o sector apícola e apoiar aos pequenos produtores na transformación e comercialización conxunta dos seus produtos, con totais garantías sanitarias e de calidade.

Que ambas as dúas entidades apostan por iniciativas de promoción económica no territorio provincial, vinculadas á creación de novos postos de traballo e á busca de novas oportunidades de negocio no ámbito rural da provincia, impulsando un desenvolvemento territorial sostible e responsable.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Casa do Mel, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Casa do Mel (G70243852) para o financiamento da obra “Centro Apícola e de produtos alimentarios”, tal como aparece definida a mesma no proxecto técnico de execución redactado por Santiago Muñiz Gómez, colexiado número 1411.

A Casa do Mel, na súa condición de promotora do proxecto “Centro Apícola e de produtos alimentarios”, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devindiquen por tal causa.

### II.- ORZAMENTO

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia da cláusula anterior, desglósase co seguinte detalle:

P.E.M: 309.163,82€  
GASTOS XERAIS (13%) 40.191,30€  
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%) 18.549,83 €  
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%) 77.260,04 €  
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA 445.164,98 €

Polo tanto, o orzamento total para a actuación obxecto do convenio ascende a **445.164,98€**.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal e como se define na cláusula anterior, cunha **achega máxima de 356.131,98€**, o que representa unha **porcentaxe de 80,00%**



2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e da subministración e instalación do equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devindicados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación Casa do Mel o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula PRIMEIRA.

2. No procedemento de contratación, a Asociación Casa do Mel axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos- tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”

4. No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo Presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que evalúe as ofertas dos licitadores.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación Casa do Mel estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.



2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do equipamento, farase constar o importe do financiamento provincial.

## **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á Casa do Mel a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe, o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a Asociación Casa do Mel deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

1. Copia do contrato e do expediente de contratación.
2. Certificación de obra subscripta polo Técnico- director e polo contratista.
3. Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
4. Certificación de aprobación da mesma polo órgano competente.
5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
6. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
7. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
8. Declaración responsable do cumprimento das obrigas fiscais respecto do IVE.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA (30 de xuño de 2028).

2. Unha vez rematadas as obras a Casa do Mel deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA (31 de decembro de 2027).

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se



teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Casa do Mel para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Casa do Mel na documentación achegada.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Asociación Casa do Mel deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Asociación Casa do Mel destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación Casa do Mel poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Casa do Mel queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Casa do Mel serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereito dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Casa do Mel será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30 de xuño de 2028**.

2. Previa solicitude da Asociación Casa do Mel, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente



xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación Casa do Mel, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola Asociación Casa do Mel

Asdo:

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

**Asdo.”**

**23.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA para cofinanciar o "Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2026".**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 19 de maio de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 90.000,00 € ao Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA NIF V15653298 para financiar o Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2026, cun orzamento subvencionado de 112.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.
4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701 do vixente orzamento xeral.
5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.
6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Número /2026

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA PARA A ANUALIDADE 2026”**

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

### **REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e

\*\*RPT-6654235



recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración suscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

- \* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.
- \* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
- \* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da protección do medio ambiente, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2026”** que a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2026”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de Educación Ambiental para unha Transición Ecolóxica:
  - Emerxencia climática:
    - Actividade formativa no centro educativo sobre a problemática da emerxencia climática
    - Obradoiro sobre a pegada ecolóxica / Exposición itinerante sobre emerxencia climática
  - Espazos Naturais Protexidos
    - Fragas do Eume
    - Dunas do Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán
    - Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo



- O mar e a costa, recursos valiosos para todos/as
- Cultura oceánica e lixo mariño
  - Actividade formativa no centro educativo sobre a problemática do lixo (mariño)
  - Revisión do estado dunha praia e limpeza/ Crebeirxs
- Formación do profesorado sobre unha temática incluídas no programa:
  - Emerxencia climática
  - Lixo mariño- Cultura Oceánica
  - Espazos naturais protexidos da provincia da Coruña
- 2. Programa de divulgación ambiental: Exposición itinerantes
- 3. Programa de asesoramento e documentación ambiental:
  - Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento
  - Maletas Viaxeiras: maleta mariñeira e maleta climática
  - Conversas naturalistas
- 4. Elaboración de materiais
- 5. Plan de comunicación

## II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO			IMPORTE
PERSONAL	Director Programa	19.200,00 €	87.500,00 €
	3 Educadores/as ambientais	45.200,00 €	
	Documentalista	10.400,00 €	
	Administrativo/a	6.400,00 €	
	Aux. Administrativo/a	6.300,00 €	
Seguro accidentes e R.C.			1.000,00 €
Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencias, etc.)			18.000,00 €
Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.)			6.000,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>112.500,00 €</b>

\*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **90.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75 %** do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación

\*\*RPT-6654235



orxamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orxamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para



o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias



coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha



das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de setembro de 2027 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do 30 de setembro de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2027. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos



da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Polo CEIDA

**Asdo:**

**Asdo:**

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

**Asdo.”**

**24.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol para o financiamento do proxecto "Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de TEIMA DOWN de FERROL da anualidade 2025", no marco do Plan de Emprego Local, PEL.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 15 de maio de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 44.568,96€ á Asociación Síndrome de Down “Teima” de Ferrol, NIF G15458060 para financiar o proxecto “Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de Teima Down

\*\*RPT-6654235



Ferrol do ano 2025”

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 do vixente orzamento xeral.
5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.
6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Número /2026

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “SOSTIBILIDADE DO SERVIZO DE FORMACIÓN SOCIOLABORAL E EMPREGO DE TEIMA DOWN FERROL DO ANO 2025”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, PEL.**

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

**REUNIDOS**

D. ...., en representación da Deputación Provincial da Coruña.  
D. ...., en representación da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

**MANIFESTAN**

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL consideran de grande interese para a provincia, lograr a promoción e inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a

\*\*RPT-6654235



Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, con CIF G15458060, para o financiamento do proxecto “SOSTIBILIDADE DO SERVIZO DE FORMACIÓN SOCIOLABORAL E EMPREGO DE TEIMA DOWN FERROL DA ANUALIDADE 2025”.

O proxecto pretende a formación para o emprego con apoio para as persoas con discapacidade intelectual, que lles facilite o acceso ao emprego ordinario no que basear o seu proxecto de vida o máis autónoma e independente posible.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
<b>GASTOS DE PERSOAL</b>	<b>107.893,18€</b>
Soldos e salarios. Catro traballadoras 5.696 horas	81.513,96€
Seguridade Social a cargo da entidade. Catro traballadoras 5.696 horas	26.379,22€
<b>CONTRATACIÓNS EXTERNAS</b>	<b>1.762,14€</b>
Xestoría, prevención de riscos..	1.762,14€
<b>ARRENDAMENTOS</b>	<b>336,26€</b>
Cuota comunidade de veciños	336,26€
<b>PRIMAS DE SEGUROS</b>	<b>381,61€</b>
Seguro de Responsabilidade Civil, seguro de Accidentes de Usuarios, seguro de local	381,61€
<b>REPARACIÓN E CONSERVACIÓN</b>	<b>162,66€</b>
Reparación e conservación (limpeza local e elevador)	162,66€
<b>COMUNICACIÓNS</b>	<b>462,60€</b>
Telefonía, internet, comunicacións postais, etc	462,60€
<b>SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>766,71€</b>
Auga, luz e gas	766,71€
<b>OUTROS</b>	<b>286,32€</b>
Outros (certificación ISO, alugueiro impresora)	286,32€
<b>TOTAL</b>	<b>112.051,48€ €</b>

*\*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.*



### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define cláusula primeira, cunha achega máxima de **44.568,96€**, o que representa unha porcentaxe do 39,77543%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 39,77543% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada, resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidade vinculadas á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refireo artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa chegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga pola ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL.



## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranseos orixinais ou copias debidamente compulsadas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá extenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentadas como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 5.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- 7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, comprenden **dende o 1 de xaneiro de 2025 e ata o 31 de decembro de 2025.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto, tal e como se indica na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.



Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impoñer, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos



procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **desde o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos



devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2026**.

2. Previa solicitude da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial,

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso- administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno corporativo o día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola ASOCIACIÓN  
SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE  
FERROL

Asdo.

Asdo.

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

**Asdo.”**



**25.- Aprobación de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Baroña para financiar a obra e subministración de equipamento para creación do Centro de Transformación Colaborativo Alimentario Baroña no marco do Plan de Emprego Local (PEL).**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

### ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“**1.º APROBAR** a prórroga do convenio 93/2025, suscrito coa Asociación Baroña para financiar o proxecto “Obra e subministración de equipamento para a creación do Centro de Transformación Alimentario Baroña”, ata os seguintes prazos:

- Prazo de vixencia do convenio ata o **31 de xullo de 2027**, sen que a aprobación desta prórroga supoña ningunha modificación nin das contías nin dos conceptos aprobados.

**2.º MODIFICAR** a cláusula decimoterceira, cuxa redacción literal quedaría establecida nos seguintes termos:

#### ***XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN***

*1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31 de xullo de 2027**.*

*2. Previa solicitude da Asociación Baroña, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.*

*3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.*

**3.º.- CONDICIONAR** o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.”

**26.- Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa PREM-CP Premios Circuito Deputación da Coruña de Piragüismo.**



## VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar a inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa PREM-CP Premios Circuito Deputación da Coruña de Piragüismo, proposta polo Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade. Sección de Deportes e Mocidade.

2º.- Incluír no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a ficha individualizada do programa de subvencións indicada no apartado 1º, con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que quedaría como se transcribe a continuación:

### FICHA DE PREMIO / CONCURSO

Liña de fomento provincial	Premios Circuito Deputación da Coruña de Piragüismo
<b>Código identificativo</b>	PREM - CP
<b>Área</b>	Deportes
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade Sección de Deportes e Mocidade
<b>Competencia desenvolvida</b>	Deportes
<b>Custe previsible</b>	Premios: 21.800,00 €
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Promoción e fomento do deporte
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Bases reguladoras da competición
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP
<b>Sector obxectivo</b>	Práctica deportiva
<b>Obxectivo xeral</b>	Promoción e difusión do deporte
<b>Obxectivo específico</b>	Competición deportiva dirixida a fomentar e promover a práctica deportiva do piragüismo en categorías de base ao tempo de promover a practica de deporte en espazos abertos e públicos.
<b>Destinatarios</b>	Clubs e poboación en xeral segundo os requisitos establecidos nas bases reguladoras
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de clubs e persoas participantes

**OBXECTIVO ESTRATÉGICO E OPERATIVO:**

<b>Obxectivo estratéxico 08</b>		<b>Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde</b>			
<b>OBXECTIVO OPERATIVO</b>	<b>ACTIVIDADE DE FOMENTO</b>				
	<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>MODALIDADE</b>	<b>PREVISIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>ÁREA DE COMPETENCIA</b>
O.40	PREM - CP	Premios Deputación da Coruña de Piragüismo	Premio	21.800,00 €	Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade <b>Sección de Deportes e Mocidade</b>
<b>OBXECTIVO OPERATIVO</b>	<b>CONCEPTO</b>				
40	Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social				

**27.- Aprobación do proxecto da obra Reposición de obra de drenaxe transversal DP 1103 Comparada á Ponte Beluso pq 5+865 (Lousame)****VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o Proxecto Reposición de obra de drenaxe transversal DP-1103 Comparada á Ponte Beluso punto quilométrico 5+865 (Lousame) e consideralo incluído no orzamento Provincial de 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Reposición de obra de drenaxe transversal DP-1103 comparada á Ponte Beluso punto quilométrico 5+865 (Lousame)

Código: 2026.1100.0034.0

Orzamento: 68.405,60 €

Prazo de execución: 5 meses”

Y sobre todo también que hay una orquesta ahí de cámara que difunde mucho, por supuesto, su obra. Lo importante es que demos este primer paso, que este primer paso por unanimidad, que todos estemos de acuerdo en que es necesario que nos hagamos cargo y apoyar a esta fundación y por supuesto también que es importante la difusión de su obra, la difusión de su obra por todos los concellos. Muchas veces a la música clásica se llega a través de estas iniciativas. Muchos concellos no tienen la posibilidad de tener conciertos, mucha gente joven no se acerca a la música clásica porque no la conoce. Le digo mi ejemplo personal, con 21 años, 23 años, fui a trabajar a la Orquesta Nacional de España, ahí descubrí que había un mundo nuevo en la música clásica que es maravilloso, que sobre todo enriquece el alma. Pues también procuremos que con estas ayudas, que esta Orquesta de Cámara que difunde la obra de este gran compositor también llegue a la gente joven, a la gente nueva y queremos sobre todo cantera, cantera de gente que apoye la música clásica, que apoye a los compositores gallegos y, sobre todo, que tengan este conocimiento y esta difusión cultural, la figura de esta persona, que creo que es patrimonio de todos los gallegos.

Ya digo, hoy es el primer paso. Seguramente daremos más y buscaremos soluciones a las cuestiones que usted nos planteaba. De todas formas, muchísimas gracias a todos los grupos políticos por apoyar esta iniciativa.



### Sr. García Seoane

Lamentar que eu sigo sen decatarme de onde se vai facer, quen o vai pagar, quen o promove. Porque, claro, estamos todos de acordo co que se dixo aquí, pero cando, como e quen vai ser, non? Está a fundación, indubidablemente que é, pero a fundación sen o Concello da Coruña e sen a fundación, e sen a Deputación e sen a Xunta de Galicia, como vostede dixo, Groba non era da Coruña no sentido coñecido na cidade da Coruña como gran músico e gran autor, senón que era coñecido incluso fóra de Galicia, non só nas nosas provincias, non?

Por tanto, eu sigo tendo esa dúbida. Vou votar, pero digo: e que carallo vou votar eu aquí? Cando vai ser iso? Esa é a miña pregunta.

### Sr. Lorenzo Torres

Solamente decirle que entiendo su preocupación, pero también esa es nuestra labor desde la Diputación: trabajar para que este compromiso que adquirimos hoy se haga realidad.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

### **“Moción do Grupo Provincial Popular para acoller a sede da Fundación Rogelio Groba na Coruña.**

Rogelio Groba viviu máis de 40 anos na Coruña, e aquí morreu, e foi onde compuxo a maior parte da súa obra. Tamén foi director da Banda Municipal de Música, creador e director da Orquesta de Cámara Municipal, fundador da Orquesta do Conservatorio Superior de Música da Coruña e promotor da Orquesta Sinfónica de Galicia.

Por iso é xusto recoñecer este labor coa creación do Espazo Groba, que acolle como merece o compositor galego de maior relevancia contemporánea, con máis de 700 obras compostas de extraordinaria calidade, cun estilo propio baseado na tradición musical galega.

Un espazo que acolla a sede da Fundación Rogelio Groba, depositaria do seu legado, tamén o seu o arquivo para a súa conservación e consulta, e que sexa un un espazo cultural de referencia para a realización de actividades da Fundación.

É por isto que o Grupo do Partido Popular presenta esta moción

### **Acordo**

1.-Crear na Coruña o Espazo Groba para acoller a sede da Fundación Rogelio Groba, depositaria do sue legado, tamén o seu o arquivo para a súa conservación e consulta, e que sexa un un espazo cultural de referencia para a realización de actividades da Fundación.

2.-Colaborar economicamente coa Fundación Rogelio Groba na difusión dos concertos



de música clásica polos distintos concellos da provincia da Coruña.”

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada polo Partido Socialista de Galicia-PSOE.

## **2.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE referente ao ERE de Nestlé**

A dirección de Nestlé España anunciou a apertura dun Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectará a un máximo de 301 persoas traballadoras en distintos centros produtivos e áreas da compañía no conxunto do Estado. Entre os centros afectados atópase a planta de Pontecesures, a única instalación da multinacional en Galicia, onde traballan preto de 200 persoas e que constitúe un dos principais referentes industriais e agroalimentarios da comarca do Sar.

Segundo a información coñecida ata o momento, a afectación prevista en Galicia podería alcanzar 27 postos de traballo, o que suporía arredor do 14 % do persoal da planta de Pontecesures, afectando principalmente a traballadores dos concellos de Dodro e Padrón, sen que a empresa facilitase ata agora información detallada sobre os postos concretos afectados nin os criterios empregados para a súa selección.

A decisión xerou unha enorme preocupación entre o persoal, representantes sindicais e veciñanza de Padrón e Dodro, especialmente porque a planta galega constitúe un centro estratéxico dentro do propio grupo Nestlé.

Desde Pontecesures prodúcese a totalidade da leite condensada que a multinacional comercializa en Europa, Oriente Medio e o norte de África, cunha produción anual de arredor de 60.000 toneladas e exportacións a máis de 50 países.

A fábrica, en funcionamento desde 1939, representa ademais un elemento fundamental para a economía da comarca e para o sector lácteo galego, abastecéndose de leite fresco procedente de arredor dun cento de explotacións gandeiras situadas no entorno próximo da planta. A actividade da planta ten un impacto directo non só sobre o emprego industrial, senón tamén sobre o tecido económico, comercial e social de numerosos concellos da contorna.

O anuncio deste ERE resulta especialmente difícil de comprender nun contexto no que a propia compañía continúa presentando importantes beneficios económicos. Segundo os datos coñecidos publicamente, Nestlé pechou o exercicio 2025 con beneficios millonarios e cunha facturación récord tamén no Estado español, o que levou ás organizacións sindicais a cualificar este proceso como inxustificado e desproporcionado.

As organizacións sindicais manifestaron xa o seu firme rexeitamento a unha medida que consideran baseada unicamente nunha estratexia empresarial de reorganización e redución de custos, sen responder a unha situación real de crise produtiva ou económica na planta de Pontecesures.

Cómpre lembrar, ademais, que Galicia leva anos sufrindo unha progresiva diminución do peso do sector produtivo, especialmente no ámbito rural e industrial. Por iso, resulta imprescindible que as administracións públicas, tamén desde o ámbito local, asuman un



papel activo na defensa do emprego, da actividade industrial e do tecido económico vinculado a sectores estratéxicos como o agroalimentario.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

1. Manifestar o apoio desta Deputación ás persoas traballadoras da planta de Nestlé en Pontecesures e ás súas familias, así como o compromiso institucional na defensa do mantemento do emprego e da actividade industrial da planta.
2. Instar á Xunta de Galicia a reunirse, coa maior brevidade posible, cos representantes do persoal da planta de Nestlé en Pontecesures co fin de mostrarlles o apoio institucional da Xunta de Galicia e establecer un plan de acción urxente que evite a destrución de emprego e garanta o mantemento da actividade industrial da planta e dos postos de traballo en Galicia.
3. Solicitar á Xunta de Galicia que manteña contactos coa dirección de Nestlé España para reclamar a redución ao mínimo absoluto da afectación laboral prevista na planta de Pontecesures e defender o mantemento da actividade industrial e do emprego en Galicia.
4. Reclamar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan específico de apoio e fortalecemento da industria agroalimentaria galega orientado á protección do emprego industrial, á fixación de actividade produtiva no rural e á defensa das cadeas de valor vinculadas ao sector lácteo galego.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Vou dar lectura á exposición de motivos:

A dirección de Nestlé España anunciou a apertura dun expediente regulador de emprego que afectará a un máximo de 301 persoas traballadoras en distintos centros produtivos e áreas da compañía no conxunto do Estado. Entre os centros afectados atópase a planta de Pontecesures, a única instalación da multinacional en Galicia onde traballan preto de 200 persoas e que constitúe un dos principais referentes industriais e agroalimentarios da comarca do Sar.

Segundo a información coñecida ata o momento, a afectación prevista en Galicia podería alcanzar 27 postos de traballo, o que suporía arredor do 14% do persoal da planta de Pontecesures, afectando principalmente a traballadores dos concellos de Dodro e Padrón, sen que a empresa facilitase ata agora información detallada sobre os postos concretos afectados nin os criterios empregados para a súa elección. A decisión xerou unha enorme preocupación entre o persoal, representantes sindicais e veciñanza de Padrón e Dodro, especialmente porque a planta galega constitúe un centro estratéxico do propio grupo Nestlé.

Desde Pontecesures prodúcese a totalidade do leite condensado que a multinacional comercializa en Europa, Oriente Medio e o norte de África, cunha produción



anual de arredor de 60.000 toneladas e exportacións a máis de 50 países. A fábrica, en funcionamento dende 1939, representa ademais un elemento fundamental para a economía da comarca e para o sector lácteo galego, abastecéndose do leite fresco procedente do arredor dun centro de explotacións gandeiras situadas da contorna próximo á planta.

A actividade desta ten un impacto directo non só sobre o emprego industrial, senón tamén sobre o tecido económico, comercial e social de numerosos concellos da contorna. O anuncio deste ERE resulta especialmente difícil de comprender nun contexto no que a propia compañía continúa presentando importantes beneficios económicos. Segundo os datos coñecidos publicamente, Nestlé pechou o exercicio 2025 con beneficios millonarios e cunha facturación récord tamén no Estado español, o que levou ás organizacións sindicais a cualificar este proceso como inxustificado e desproporcionado. As organizacións sindicais manifestaron o seu firme rexeitamento a unha medida que consideran baseada unicamente nunha estratexia empresarial de reorganización e redución de custos, sen responder a unha situación real de crise produtiva ou económica na planta de Pontecesures.

Cómpre lembrar, ademais, que Galicia leva anos sufrindo unha progresiva diminución do peso do sector produtivo, especialmente no ámbito rural e industrial; por iso, resulta imprescindible que as administracións públicas, tamén dende o ámbito local, asuman un papel activo na defensa do emprego, da actividade industrial e do tecido económico vinculado a sectores estratéxicos como o agroalimentario.

Por todo o exposto, presentamos ou propoñemos os seguintes acordos para a súa aprobación por parte do Pleno da Corporación Provincial:

Primeiro, manifestar o apoio desta Deputación ás persoas traballadoras da planta de Nestlé en Pontecesures e ás súas familias, así como o compromiso institucional na defensa do mantemento do emprego e da actividade industrial da planta.

Número dous, instar a Xunta de Galicia a reunirse coa maior brevidade posible cos representantes do persoal da planta de Nestlé en Pontecesures, co fin de mostrarlles o apoio institucional da Xunta de Galicia e establecer un plan de acción urxente que evite a destrución de emprego e garanta o mantemento da actividade industrial da planta e dos postos de traballo en Galicia.

Terceiro, solicitarlle á Xunta de Galicia que manteña contactos coa dirección de Nestlé España para reclamar a redución ao mínimo absoluto da afectación laboral prevista na planta de Pontecesures e defender o mantemento da actividade industrial e do emprego en Galicia.

Reclamarlle á Xunta de Galicia a elaboración dun plan específico de apoio e fortalecemento da industria agroalimentaria galega orientado á protección do emprego industrial, á fixación de actividade produtiva no rural e á defensa das cadeas de valor vinculadas ao sector lácteo galego.

Ben, penso que coa exposición de motivos queda perfectamente xustificada, por un lado, a preocupación que ten o cadro de persoal e a cidadanía deses concellos afectados e, loxicamente, unha preocupación que tamén nos afecta como grupo propoñente desta; e, polo tanto, de aí nace a vontade de traer esta moción a Pleno, esperando contar co apoio de todos os grupos políticos. Loxicamente, cunha exposición



de motivos que, como digo, xustifica esta presentación e cuns acordos que van encamiñados a instar a Administración pública que ten as competencias en materia industrial, porque iso hai que deixalo claro: segundo o Estatuto de autonomía de Galicia, as competencias en materia industrial son da Xunta de Galicia, a que, tendo en conta que dentro delas e do seu uso e aplicación, pois se poñan a traballar, loxicamente, a mediar e a facer cantas xestións sexan necesarias para minimizar, como digo, a problemática derivada do anuncio deste ERE por parte de Nestlé.

Polo tanto, repito, esperamos poder contar co apoio de todos os grupos e, a continuación, se queren, cando interveñan o resto dos e das voceiras e propoñan as emendas que presentaron, debateremos sobre elas.

Polo de agora, nada máis. Moitas grazas.

Sra. Veira González

Si, pois do que se trata hoxe é de falar dunha preocupación que vai moito máis alá dun conflito laboral concreto. Falamos do futuro industrial do noso país, de emprego digno, da supervivencia económica de moitas familias galegas. E non estamos a falar dunha planta secundaria ou dun centro sen actividade; estamos falando da única planta de Nestlé en Galicia, da única, dunha factoría histórica, xa se dixo, de máis de 80 anos de vida, especializada na produción de leite condensado para mercados de Europa, Oriente Medio e parte de África. A multinacional, como ben saben, comunicou un expediente que no conxunto do Estado pode supor máis de 300 despedimentos e que en Galiza afecta a 27 traballadoras e traballadores da fábrica de Pontecesures.

Os propios representantes sindicais denuncian que Pontecesures é unha das plantas máis castigadas proporcionalmente polo ERE. E a pregunta é evidente: como se pode xustificar unha destrución deste calibre nunha empresa con beneficios millonarios e cunha actividade produtiva en máximos? Porque Nestlé fala de transformación operativa, de automatización e de cambios no mercado, pero detrás desas frases frías hai persoas, hai familias e hai unha comarca enteira que depende tamén desa actividade industrial. Pero, sobre todo, aquí hai unha pregunta inevitábel e unha reclamación á que chegamos irremediabelmente, que é: por que se pode presentar este ERE que non obedece a causas económicas nin produtivas reais? E cal é o papel do Estado nos ERE, que desde a reforma laboral do Partido Popular é practicamente nulo?

Nós reclamamos que se recupere a necesaria autorización da autoridade laboral nos expedientes de regulación de emprego. Reclamamos, pois, a derogación completa da reforma laboral de Mariano Rajoy e, por suposto, que se exerza toda a capacidade de control sobre este ERE, que algunha aínda queda, non? Isto é o que nós incluímos na nosa emenda, porque cada emprego industrial que se perde en Galiza non é só unha nómina menos, é perda da capacidade económica das traballadoras e dos traballadores, é menos consumo no tecido local, menos oportunidades para a xente nova e, polo tanto, máis risco de despoboamento. Por iso, cremos tamén que desde a Deputación temos a obriga moral e política de tomarmos posición con claridade, expresandolles o noso apoio ás traballadoras e traballadores afectados e ao comité de empresa nas súas reclamacións, e tamén reclamarlles á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado unha implicación activa na defensa do emprego industrial galego, porque non podemos resignarnos a que Galiza sexa só un territorio de produción barata mentres as decisións estratéxicas se toman a miles de quilómetros.



A industria non pode ser tratada como unha variábel contábel. A industria é cohesión social, cohesión territorial e estabilidade social. E, cando unha multinacional con beneficios decide despedir, as institucións públicas non podemos mirar cara a outro lado. Temos que estar do lado da xente traballadora, das familias e do futuro industrial de Galiza.

### Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. Bo día a todas e a todos.

Ben, nós imos apoiar esta moción. Nós presentamos unha emenda ao punto 4 que di o seguinte: “reclamarlle á Xunta de Galicia e instar o Goberno de España, órgano competente na tramitación deste ERE de ámbito estatal, a manter informada a Administración autonómica e as e os traballadores, así como a manifestar o compromiso institucional na defensa do mantemento do emprego e da actividade industrial da planta, velando pola diminución do impacto ou a eliminación deste ERE”.

Vaia por diante, por suposto, imos apoiar esta moción, para nós é de gran desgusto e habería que facer todo o posible dentro do marco legal para evitar este ERE dunha empresa histórica e que, desde logo, lle dá pulo á economía da zona, e niso estamos todos de acordo.

Respecto a esta cuestión en concreto, cabe recordar que calquera expediente de regulación de emprego que se anuncie nunha empresa é unha moi mala noticia. Neste senso, e no marco do compromiso da Xunta de Galicia coa xeración e mantemento dun emprego de calidade, a Xunta de Galicia lamentou a decisión e apelou a que a empresa e a representación das e dos traballadores avancen no proceso con vontade de diálogo, colaboración e transparencia, co obxectivo de preservar o emprego e minimizar o posible impacto nas familias galegas. Na Xunta de Galicia veñen remarcando o seu compromiso coa xeración e mantemento dun emprego cualificado e de calidade en Galicia para potenciar a competitividade da industria. Neste contexto, tamén trasladou a súa preocupación ante o ERE anunciado pola multinacional, así como a solidariedade coas persoas traballadoras e coas súas familias, máxime tendo en conta que a planta desta empresa en Pontecesures é estratéxica e conta con capacidade exportadora, cun elevado nivel de especialización industrial e cun peso fundamental para a economía do Baixo Ulla e para o conxunto do sector agroalimentario galego. A Xunta actuou con rapidez no primeiro momento, con responsabilidade e con interlocución directa dentro das súas competencias, producíndose contactos directos coa compañía e co comité de empresa da planta de Pontecesures. Con todo, trátase dun ERE de ámbito estatal ao implicar máis centros de traballo da xeografía do Estado, cun marco legal taxado e unha negociación aberta entre a empresa e a representación sindical.

Neste contexto, a Xunta está a seguir de xeito permanente a negociación e vai exixir que calquera proceso de reorganización estea vinculado á garantía de futuro, investimento industrial e máxima protección posible ao emprego.

Resumindo, eu penso que todos en Galicia estamos de acordo en que este ERE é negativo e que habería que facer todo o posible para que a empresa siga producindo, porque os beneficios os está dando, porque é unha planta estratéxica. E, neste punto, á parte doutros debates que se pretenden introducir hoxe aquí, hoxe toca falar de Nestlé en Pontecesures, e todos estamos de acordo, e desde logo o apoio do noso grupo vai ser en busca de unanimidade para votar. Se aceptan a emenda, perfecto e, aínda que non



aceptasen a nosa emenda, nós imos votar claramente a favor desta moción, porque estamos a favor de Nestlé e en contra deste ERE e da redución de emprego na comarca do Baixo Ulla. Nada máis. Grazas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Moi ben. Bo día de novo. Sobre as emendas, empezando polas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, que teño aquí mesmo, entendemos, ben, a primeira delas: reclamar do Goberno central que emprenda as accións de control, vixilancia e inspección necesarias, ben, pois é unha reclamación redundante, porque esa obriga de ter en conta ou aplicar accións de control, de vixilancia e inspección, está obrigada por lei ou o Goberno do Estado. Polo tanto, estariámoslle pedindo ao Goberno do Estado que cumpra esa lexislación, algo que se sobreentende que debe ser así neste proceso e en calquera outro proceso. Polo tanto, non teriamos inconveniente en aceptala, pero en todo o caso, como digo, non achega nada, toda a vez que é algo redundante que xa está a facerse e como se fai en todos os casos, porque así o obriga a lei.

No caso da segunda emenda, entendemos que non ten... é dicir, podemos aproveitar o anuncio deste ERE por parte de Nestlé para moitas cousas e para poder debater sobre a lexislación no ámbito laboral e en moitos outros ámbitos, ou subámbitos, mellor dito. Pero, en todo o caso, é verdade que a modificación ou a derogación da reforma laboral vixente non achegaría absolutamente nada á problemática que estamos a tratar nesta moción. Polo tanto, non ten sentido. Home, podemos aproveitar que se presenta a moción e pedir isto, si, podemos pedir isto e podemos pedir que se incremente máis o salario mínimo interprofesional, podemos pedir un montón de cuestións relacionadas coa mellora das condicións do emprego ou poder debater incluso sobre esta reforma laboral que, como digo, xa foi modificada co acordo ademais de todos os sectores implicados naquel momento, tanto a patronal como os sindicatos maioritarios do Estado español que apoiaron esta nova reforma. Poderase matizar, poderemos debater sobre as cuestións nas que se poida mellorar, pero, en todo o caso, a esta cuestión que hoxe nos atinxe, e que é exactamente este ERE presentado por Nestlé e que afecta á planta de Pontecesures, entre outras plantas dentro do Estado español, non lle achega nada. Polo tanto, entendemos que iso é materia para outra moción que se pode presentar e que nós non temos inconveniente en debater sobre ela, pero non pinta nada, como digo, nesta moción e parece un pouco aproveitando que o Pisuerga pasa por Valladolid pois metemos isto, aínda que non teña moito que ver e, polo tanto, non achega nada a esta problemática.

Sobre a emenda presentada polo Partido Popular, realmente chamarlle de substitución non é correcto, porque o que se propón no punto 4 por parte do grupo propoñente, neste caso por parte do Grupo Socialista, e o que propoñen vostedes emendar non ten absolutamente nada que ver co punto.

As emendas, supostamente, terán que modificar en parte o contido, senón enténdese que é unha emenda de substitución. Porque no punto número 4 o que pedimos é reclamarlle á Xunta de Galicia a elaboración dun plan específico de apoio e fortalecemento da industria agroalimentaria galega orientada á protección do emprego industrial, á fixación da actividade produtiva no rural e á defensa das cadeas de valor vinculadas ao sector lácteo. Polo tanto, o que estamos facendo é solicitarlle á Xunta a elaboración dun plan específico de apoio e fortalecemento á industria agroalimentaria de Galicia. E, claro, a emenda que propoñen vostedes é reclamarlle á Xunta de Galicia e instar o Goberno de España, órgano competente na tramitación deste ERE do ámbito



estatal, a manter informada a Administración autonómica e as e os traballadores, así como a manifestar o compromiso de institución na defensa do mantemento do emprego e da actividade industrial da planta, velando pola diminución do impacto ou eliminación deste ERE. Polo tanto, nós non podemos aceptar a emenda, pero porque non ten ningún sentido. É dicir, pretende emendar algo falando dunha cuestión que non ten nada que ver co punto en cuestión. Así que, nese aspecto, pois non poderíamos aceptala, entendendo cal é o fondo e o espírito desa emenda, que tampouco hai ningún tipo de problema, porque xa tamén, como dixen antes, no caso da presentada polo Bloque Nacionalista Galego, o Goberno de España, e neste caso dentro das súas competencias para a xestión e a negociación neste tipo de procesos de ERE, xa ten a obriga de informar a representación sindical e, lóxicamente, as administracións que poidan estar implicadas neste proceso dentro do marco competencial. Polo tanto, non ten moito sentido.

De todos os modos, dicía o voceiro do Partido Popular que a Xunta xa manifestou e lamentou a presentación deste ERE. A verdade é que o dixo o propio conselleiro. Nós entendemos que iso, para quen ostenta as competencias en materia industrial, pois non é suficiente. E ao final, o exercicio das competencias que temos as administracións públicas non se pode simplificar ata o punto de chegar simplemente a lamentar que se presente un ERE. Entendemos que hai que facer algo máis. De feito, como pon na exposición de motivos, este ERE afecta a outras plantas que Nestlé ten en distintos puntos do Estado español, non? Entre eles voume referir a Cataluña ou a Cantabria.

No caso de Cataluña, o 20 de abril Nestlé anuncia oficialmente este ERE a nivel nacional; o 23 de abril, é dicir, tres días despois, o conselleiro de Empresa, Miquel Sàmper, e a directora xeral de Relacións Laborais da Generalitat reúnen cos sindicatos maioritarios e o Govern ofrece o seu apoio total e acompañamento ao cadro de persoal. O día 4 de maio, poucos días despois, a Consellería de Emprego e Traballo intenta exercer de mediadora nunha reunión entre a empresa e as e os traballadores. Na mediación conclúe sen acordo e cos sindicatos exixindo a retirada do expediente. E o día 6 de maio, paralelamente á mediación da Generalitat, Inspección de Traballo determina que a compañía non informara correctamente o Comité de Empresa, abríndose formalmente un período de consultas á mesa de negociación.

Ben, isto é un exemplo dunha Administración que fixo algo máis que lamentarse, e non é que se ofrecera só a mediar, senón que exerceu como mediadora. Non foi así o caso da Xunta de Galicia. Pero, como poderían dicir vostedes, ben, esta é a Generalitat, que é do PSOE, e vostede pretende poñela en valor. Ben, pois voulle poñer o caso de Cantabria, gobernada polo Partido Popular, para quen non o saiba.

O 5 de maio de 2026, o conselleiro de Industria, Eduardo Arasasti, reuniuse co comité de empresa para trasladarlle o apoio institucional do Executivo rexional ao cadro de persoal fronte a este expediente. O 6 de maio de 2026, o Goberno autonómico mantivo contactos directos coa directiva de Nestlé en Barcelona e coa dirección da planta, arrancándolle á compañía o compromiso de continuidade das inversións na rexión. O 11 de maio de 2026, o Parlamento de Cantabria aprobou por unanimidade exixirlle á multinacional a retirada do ERE ao considerar que os beneficios da empresa non xustifican eses despedimentos, tal e como comentaba na exposición de motivos. E o 14 de maio, a Consellería solicitoulles formalmente aos ministerios de Industria e Traballo a constitución dunha mesa de coordinación para defender os postos de traballo. O Goberno de Cantabria solicitoulle ao Ministerio de Traballo a creación dun grupo de traballo institucional para frear o impacto do ERE na planta La Penilla e exixir que os recortes no investimento non estean ligados ao emprego.



Polo tanto, temos o exemplo de dúas autonomías que, igual que a galega, teñen competencias en materia industrial, que fixeron algo máis que lamentar ou que fixeron algo máis que, segundo di vostede, manter contactos dos que, polo menos, non hai ningún tipo de explicación pública sobre estes, dos que non tivemos coñecemento, polo menos nós que estivemos revisando os medios de comunicación, etc., no que se tratou neses contactos, nin se se chegou a algún tipo de acordo. Por iso entendemos que a Xunta de Galicia, neste caso, que é a que ten a competencia e, polo tanto, pois é así, dá igual quen estivera á fronte desa Administración, terá que facer algo máis na liña destas dúas administracións públicas que poño como exemplo. Porque, como digo, ter competencias está moi ben, exixir competencias está moi ben, pero despois hai que exercelas. E, para exercelas non basta con que un lamente o que pasa, senón que ten que implicarse para evitar que iso poida ocorrer, e ten que facelo ademais de forma activa.

Polo tanto, dito isto, si que agradecemos, loxicamente, o apoio de todos os grupos a esta moción, cos matices ás emendas que introducín; no caso do Partido Popular porque é unha emenda de substitución que non ten nada que ver co punto que se pretende substituír e, polo tanto, nós non podemos renunciar a substituír ese punto. E, no caso do Bloque Nacionalista, ben, pois co matiz que fixen na primeira emenda e na segunda porque é un tema que tampouco ten nada ou que non achega nada para a resolución deste conflito laboral. Nada máis. Moitas grazas.

#### Sr. Ben Otero

Señor Fernández, hoy hablamos de Nestlé y nosotros vamos apoyar a Nestlé. Respecto a la Consellería, estuvo el día 18 de mayo reunido con todas las partes implicadas y, hombre, su presidente de la Diputación hace poco públicamente ha dicho que la conselleira de Industria es la mejor conselleira de Industria de la historia de la Xunta de Galicia. Palabras del presidente de la Diputación. Si tiene usted algún problema o algún desencuentro con él, aclárenlo entre ustedes.

#### Sr. Presidente

Palabras del alcalde de As Pontes.

#### Sr. Ben Otero

Bueno, que es la misma persona, no vaya a ser que sea como el otro, que tenga una distorsión de la personalidad. En todo caso, usted mismo ha entrado en una contradicción y no tengo ánimo de entrar en debates, más debates. Ha entrado en una contradicción en su propia intervención, señor Fernández, porque le dice a la señora, a doña Avia, le dice que hablar de la reforma laboral en su conjunto no tiene nada que ver con Nestlé, y la invita, y la invita, la invita a traer una moción hablando de la reforma laboral, etc., etc., porque es un... bien, perfecto, no hay ningún problema. Solo un matiz, señora Veira: derogar en su totalidad la reforma laboral significa eliminar la figura de los ERTes, con R, sí, sí, que fueron introducidos por el Gobierno de Rajoy. Si no fuera por los ERTE, ¿qué hubiera sido de España y de los españoles en la pandemia? Solo un matiz, pero no voy a entrar ahora en este debate.

Mire usted, señor Fernández, si usted tiene mucho interés en que la Xunta de Galicia “elabore un plan específico de apoio ao fortalecemento da industria agroalimentaria galega orientado á protección do emprego industrial, á fixación da



actividade produtiva no rural e á defensa das cadeas de valor vinculadas ao sector lácteo galego”, traiga usted una moción hablando de esto, porque esta actuación en conjunto no tiene nada que ver ni iba a resolver ningún problema de Nestlé a día de hoy, exactamente lo que le dijo usted a la señora Veira respecto a la reforma laboral. Nosotros estamos con el sector productivo gallego, estamos con Nestlé, con los trabajadores de Nestlé, estamos con el Bajo Ulla, con todos los ayuntamientos, y nuestro voto va a ser a favor, porque hoy lo que importa es apoyar a los trabajadores de Nestlé. Hoy no es día para entrar en confrontaciones políticas metiéndonos el dedo en el ojo unos a otros. Nuestro apoyo y compromiso es con los trabajadores de Nestlé y nuestro voto es a favor, aunque usted no acepte la enmienda para que quede clara nuestra posición. Nada más y muchas gracias.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Ben, en primeiro lugar, eu pertenzo a un partido no que, afortunadamente, non sempre temos as mesmas opinións. Xa acaba de matizar o presidente que el fixo esas manifestacións como alcalde das Pontes; manifestacións que eu non comparto, pero que foi o que dixo el. Pero, en todo o caso, non dixo que a señora conselleira fora o único ser humano infalible, nin que fora perfecta na súa xestión. Polo tanto, tendo en conta iso, que non é o que dixo, pois aquí estamos exixindo que asuma as súas competencias e que as exerza. E isto non é utilizar isto para unha confrontación política, pero non pretenderá vostede que, se vostedes ou o seu partido teñen as competencias en materia industrial, aquí os que estamos do outro lado, pois nos congratule o feito de que vostedes se lamenten.

Di vostede: “Nosotros estamos con Nestlé, estamos con el empleo”. Si, están con todo iso, menos onde teñen que estar, que é exercendo as súas competencias. E di vostede: “Si le preocupa el tema, presente una moción”. Precisamente por iso a presento. É que esta moción a presenta o meu grupo, e falamos da cuestión de Nestlé e, a colación diso, comentamos que a Xunta debería ter un plan estratéxico precisamente para evitar ou minimizar este tipo de problemáticas que se dan na industria galega.

Por certo, que no número de, ou na porcentaxe de crecemento e na porcentaxe de destrución, está sempre por riba ou por debaixo da media estatal. Pois oia, está ben, como digo, vostedes reclaman competencias para Galicia, pero despois, cando as teñen, pois miran de lado e asubían, non? E neste caso que quere que lle diga? Lamentar. Ben, pois si, todos o lamentamos, só fastidiaría que o Goberno da Xunta non lamentase que unha empresa presente un ERE. Xa sería unha cuestión de deshumanización total. Polo tanto, iso polo menos xa lles concede o beneficio da dúbida, xa con iso conto. Pero, como digo, entendo que cando un ten competencias, debe exercelas. E, polo tanto, neste caso é o que lle estamos a pedir á Xunta de Galicia. E si que está totalmente relacionado.

E, por certo, permítame que lle matice, porque vostede é moi dado a simplificar tantas cousas que acaba dicindo ou poñendo na boca dos demais cousas que non dicimos. Eu non dixen que a reforma laboral non tivera nada que ver con Nestlé. O que dixen é que a derogación da reforma laboral que se propón nesa emenda non achega nada para a resolución deste conflito, que non é o mesmo que dicir que non ten nada que ver con Nestlé, porque efectivamente a reforma laboral si que ten que ver moito con Nestlé e con todas as empresas deste país, porque hai unha relación laboral entre a empresa e os empregados. Nada máis. Moitas grazas.



### Sr. Ben Otero

É que non ía intervir, pero realmente chámame a atención, só un minuto. É que claro, claro que a reforma laboral non vai axudar a resolver este conflito a día de hoxe, pero “elaborar un plan específico de apoio e fortalecemento da industria galega, agroalimentaria galega”, etc., tampouco vai ter nada que ver en resolver este conflito. Exactamente o mesmo.

Señor Fernández, vostede fala tanto que ás veces entra en contradicións. Igual que dixo antes, os ERE en Galicia están por riba ou por baixo? Claro, ou poden estar no medio. Están por riba ou por baixo. Eu voulle pedir, por favor, é verdade que eu simplifico demasiado, ao mellor entre o que simplifico eu e o que se estende vostede de máis, no centro está a virtude. Nada máis e grazas.

### Sr. Fernández Piñeiro

Non, está claro que os dous non somos virtuosos, porque eu falo e vostede tamén. O que pasa é que sempre me achaca que eu falo moito cando vostede responde e sempre empeza a súa intervención dicindo: “Non ía intervir”, pero ao final intervén, que é unha cousa bastante curiosa.

Di vostede que non ten nada que ver o feito de que a política da Xunta de Galicia teña ese plan de apoio ao sector. Pois si que podía ter que ver con esta problemática, porque se finalmente Nestlé aplica ese ERE e bota 27 persoas fóra, se houberese ese plan e, polo tanto, un apoio decidido da Xunta de Galicia ao sector agroalimentario, podía haber máis empresas do sector nesa bisbarra que poderían asumir e absorber eses empregados que se van quedar no paro. Efectivamente, claro que ten moito que ver, señor Ben.

E volve vostede a simplificar dicindo que se Galicia está por debaixo ou por encima do ERE. Non, o que digo é que en creación de industria, en xeración de industria, Galicia está por debaixo da media estatal e en destrución está por riba. Ese é o problema de cando vostede simplifica para intentar, ante a falta de argumentos, pois desacreditar o que dicimos os demais. Pero, en todo caso, como os que estamos aquí non seremos os máis listos como a conselleira, pero tampouco somos parvos de todo, pois non coa, que quere que lle diga? Nada máis. Grazas.

### Sr. Presidente

Procedemos á votación.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:



## **“Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE referente ao ERE de Nestlé**

A dirección de Nestlé España anunciou a apertura dun Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectará a un máximo de 301 persoas traballadoras en distintos centros produtivos e áreas da compañía no conxunto do Estado. Entre os centros afectados atópase a planta de Pontecesures, a única instalación da multinacional en Galicia, onde traballan preto de 200 persoas e que constitúe un dos principais referentes industriais e agroalimentarios da comarca do Sar.

Segundo a información coñecida ata o momento, a afectación prevista en Galicia podería alcanzar 27 postos de traballo, o que suporía arredor do 14 % do persoal da planta de Pontecesures, afectando principalmente a traballadores dos concellos de Dodro e Padrón, sen que a empresa facilitase ata agora información detallada sobre os postos concretos afectados nin os criterios empregados para a súa selección.

A decisión xerou unha enorme preocupación entre o persoal, representantes sindicais e veciñanza de Padrón e Dodro, especialmente porque a planta galega constitúe un centro estratéxico dentro do propio grupo Nestlé.

Desde Pontecesures prodúcese a totalidade da leite condensada que a multinacional comercializa en Europa, Oriente Medio e o norte de África, cunha produción anual de arredor de 60.000 toneladas e exportacións a máis de 50 países.

A fábrica, en funcionamento desde 1939, representa ademais un elemento fundamental para a economía da comarca e para o sector lácteo galego, abastecéndose de leite fresco procedente de arredor dun cento de explotacións gandeiras situadas no entorno próximo da planta. A actividade da planta ten un impacto directo non só sobre o emprego industrial, senón tamén sobre o tecido económico, comercial e social de numerosos concellos da contorna.

O anuncio deste ERE resulta especialmente difícil de comprender nun contexto no que a propia compañía continúa presentando importantes beneficios económicos. Segundo os datos coñecidos publicamente, Nestlé pechou o exercicio 2025 con beneficios millonarios e cunha facturación récord tamén no Estado español, o que levou ás organizacións sindicais a cualificar este proceso como inxustificado e desproporcionado.

As organizacións sindicais manifestaron xa o seu firme rexeitamento a unha medida que consideran baseada unicamente nunha estratexia empresarial de reorganización e redución de custos, sen responder a unha situación real de crise produtiva ou económica na planta de Pontecesures.

Cómpre lembrar, ademais, que Galicia leva anos sufrindo unha progresiva diminución do peso do sector produtivo, especialmente no ámbito rural e industrial. Por iso, resulta imprescindible que as administracións públicas, tamén desde o ámbito local, asuman un papel activo na defensa do emprego, da actividade industrial e do tecido económico vinculado a sectores estratéxicos como o agroalimentario.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes



## ACORDOS:

1. Manifestar o apoio desta Deputación ás persoas traballadoras da planta de Nestlé en Pontecesures e ás súas familias, así como o compromiso institucional na defensa do mantemento do emprego e da actividade industrial da planta.

2. Instar á Xunta de Galicia a reunirse, coa maior brevidade posible, cos representantes do persoal da planta de Nestlé en Pontecesures co fin de mostrarlles o apoio institucional da Xunta de Galicia e establecer un plan de acción urxente que evite a destrución de emprego e garanta o mantemento da actividade industrial da planta e dos postos de traballo en Galicia.

3. Solicitar á Xunta de Galicia que manteña contactos coa dirección de Nestlé España para reclamar a redución ao mínimo absoluto da afectación laboral prevista na planta de Pontecesures e defender o mantemento da actividade industrial e do emprego en Galicia.

4. Reclamar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan específico de apoio e fortalecemento da industria agroalimentaria galega orientado á protección do emprego industrial, á fixación de actividade produtiva no rural e á defensa das cadeas de valor vinculadas ao sector lácteo galego.”

### Sr. Presidente

A seguinte moción, presentada polo Grupo Provincial do BNG para o rexeitamento da reapertura da mina de Don Sebastián en Coéns.

### **3.Moción do Grupo Provincial do BNG para o rexeitamento da reapertura da mina Don Sebastián en Coéns**

A veciñanza dos lugares de Coéns e Gundar, Aprazadoiro, Matío e A Torre, todos eles sitios no municipio de Laxe, colectivos sociais do municipio e arredores están preocupados pola absoluta falla de información sobre a concesión para o proxecto mineiro de extracción de caolín e mica derivado do permiso de investigación mineira "Don Sebastián" número 7147 e a posible reapertura da mina, demandando a protección do seu entorno e das súa calidade de vida.

Segundo a información que aparece no catastro mineiro, existen dúas cuadrículas que demarcan as zonas permitidas para realizar actividades de investigacións mineiras nos concellos de Laxe, Cabana e Zas, o permiso "D. Sebastián" con N° Rexistro: AC/C/07147 para extracción de caolín e mica e a de "Jorge Reyes" con N° Rexistro: AC/C/07148 para extracción de Caolín, os dous solicitados por Caolines de Vimianzo SAU (CAVISA) e con prazos xa vencidos.

Despois de realizar a campaña de sondeos no dereito mineiro "S. Sebastián" parece que a mesma empresa iniciou os trámites de autorización do proxecto de extracción de caolín e mica, para o que era preciso sometelo a avaliación ambiental estratéxica. A única información que teñen os veciños é que foi presentado un estudo de impacto ambiental simplificado na Xunta de Galiza para superar este trámite cuxo código do expediente parece ser o 2023/0115.



Ante as preocupacións veciñais e a incerteza e o escurantismo co que se tramita este proxecto mineiro na administración galega, é necesario poñer luz e taquígrafos e solicitarlle ao goberno toda a información e total transparencia nesta concesión.

Porén, a explotación destes proxectos repercutiría directamente na calidade de vida da veciñanza. As parroquias de Nande e Sarces no concello de Laxe, constitúen un enclave de alto valor ambiental, paisaxístico e social, no que se desenvolven actividades económicas vinculadas ao sector primario e ao turístico. O proxecto de reapertura da mina San Sebastián de Coéns ten como obxectivo a extracción de caolín, un mineral empregado na industria, pero cuxa explotación a ceo aberto implica impactos significativos sobre o territorio e a poboación. Entre os principais riscos asociados a esta actividade cómpre salientar:

- A xeración de grandes cantidades de po en suspensión derivado da extracción e tratamento do caolín, o que supón un risco para a saúde da veciñanza.
- A exposición continuada a partículas finas está relacionada con problemas respiratorios, enfermidades pulmonares e outros efectos adversos para a saúde, especialmente en persoas maiores, menos e colectivos vulnerables. .

Segundo a información disponible, as zonas de operación situaríanse a escasos 20 metros de casas habitadas, unha distancia claramente insuficiente para garantir condición de seguridade e benestar. A utilización de explosivos preto das vivendas pode ter consecuencias moi graves, tanto estruturais para as vivendas e os elementos patrimoniais protexidos como para a seguridade das persoas, ocasionando:

- Danos estruturais en vivendas, como fendas en paredes, teitos e cimentación.
- Proxección de fragmentos expulsados polas explosións.
  - Rotura de cristais.
  - Vibracións do terreo.
  - Danos en tubaxes de auga ou liñas eléctricas.
- O impacto ambiental sobre o solo, as augas e a biodiversidade, derivado dunha actividade intensiva e a ceo aberto.
- A desaparición da Lagoa da mina de Coéns, unha lagoa naturalizada. Onde se alteraría o ecosistema de todas as aves que agora alí aniñan.
- O escaso retorno económico e social do proxecto, que apenas prevé a creación de arredor de tres postos de traballo, unha cifra claramente desproporcionada en relación cos impactos negativos que xeraría sobre o territorio e outras actividades económicas xa existentes.

Cómpre subliñar que este tipo de iniciativas entran en contradición cos principios de desenvolvemento sostible, equilibrio territorial e protección da saúde pública que deben orientar a acción dos administración. Por todo o exposto, propónse ao pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes **ACORDOS**:



1. Manifestar o rexeitamento firme da Deputación da Coruña á reapertura da mina de Coéns no concello de Laxe, tendo en conta os seus impactos ambientais, sociais e sobre todo de saúde pública.
2. Defender o dereito da veciñanza a vivir nun entorno saudable e seguro, afastado de actividades potencialmente cando estas se sitúan a escasa distancia das vivendas.
3. Apoiar ás comunidades locais e colectivos sociais na defensa do territorio e dun modelo de desenvolvemento sostible.
4. Promover alternativas económicas viables e sostibles que xeren emprego de calidade sen comprometer o medio ambiente nin a saúde das persoas.
5. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia, ao Concello de Laxe e ás entidades sociais implicadas.

### Sra. Veira González

En primeiro lugar, queremos saudar a plataforma de veciñas e veciños que están organizados en contra desta explotación mineira. Hoxe non vimos só falar dunha mina, vimos falar dunha maneira de entender o noso país, vimos falar de quen somos e do que estamos dispostos a defender. Porque, cando falamos da posíbel reapertura da mina de Don Sebastián de Coéns en Laxe, non estamos diante dun simple expediente administrativo nin dun debate técnico frío e distante. Estamos falando dunha terra viva, dunha paisaxe que forma parte da memoria colectiva da Costa da Morte. Estamos falando da auga que bebe a xente, do mar que lles dá traballo ás familias, dos montes que herdamos dos nosos avós e avoas e que temos a obriga moral de lles entregar dignamente ás xeracións futuras.

Hai lugares que non poden medirse só en toneladas nin en rendibilidade económica. Hai lugares que teñen valor porque sosteñen comunidades, porque gardan historias, porque representan unha forma de vida. Laxe non é un territorio baleiro á espera de ser explotado. Laxe ten veciños e veciñas que queren vivir con dignidade, que apostan polo mar, polo turismo sostíbel, pola gandería, polo pequeno comercio, pola conservación do patrimonio natural. Xente que leva anos traballando para construír futuro sen destruír o que fai única esa comarca.

E por iso esta moción é importante. Porque demasiadas veces Galiza foi tratada como unha terra de sacrificio, un lugar do que extraer recursos mentres os impactos quedan aquí e os beneficios marchan fóra. Demasiadas veces prometéronse empregos milagrosos a cambio de deixar cicatrices irreversíbeis no territorio. E sabemos ben que, cando pasan os anos e as empresas desaparecen, quen queda co problema son sempre as veciñas e os veciños.

Non podemos permitir que se poña en risco o equilibrio ambiental dunha zona tan sensíbel. Non podemos aceptar que se xogue coa saúde das persoas nin coa calidade das augas e do territorio. Non podemos mirar cara a outro lado cando existe unha contestación social clara e lexítima da veciñanza. Porque o progreso non pode construírse contra a xente. O verdadeiro progreso é aquel que crea riqueza sen destruír a vida. O que entende que defender o medio ambiente non é un luxo, senón unha necesidade. O que comprende que o rural galego precisa oportunidades, si, pero oportunidades sostíbeis, duradeiras e compatíbeis coa protección do territorio. E hoxe



esta Deputación ten a responsabilidade de enviar unha mensaxe clara: A Coruña non quere proxectos impostos que ameacen o patrimonio natural e social da provincia.

Temos que estar ao lado da veciñanza de Laxe, ao lado das plataformas cidadás, das familias preocupadas, da xente que sente medo e indignación ante a posibilidade de volver abrir unha ferida no corazón da súa terra. Porque defender Coéns, a terra de Coéns, é defender algo moito máis grande: é defender a dignidade dun país que xa está canso de que lle pidan renunciar ao seu futuro en nome dun suposto desenvolvemento que nunca chega para a maioría.

Temos a obriga de coidar a nosa terra e de deixárllela aos nosos fillos e fillas mellor de como a atopamos. Por iso, desde o BNG, presentamos esta moción que cremos que está suficientemente xustificada e simplemente, pois, agradecer a presenza da plataforma de veciñas e de veciños. Nada máis.

#### Sr. García Seoane

Eu creo que son unha persoa que xa teño os meus anos e andei moito pola zona de Laxe, Ponteceso, Vimianzo, Cabana, cando tiña menos anos, e incluso ía ás manifestacións nesas zonas en infinidade de ocasións. E lembro, por certo, dunha persoa que estaba nas manifestacións cando se intentaba sacar tamén do monte Branco area, que era o que lle chamaban, con todo o cariño, “o capador do BNG”, que era un deputado que se coñecía como o capador, porque operaba os homes para que non houbera fertilidade no futuro. Ben, pois aquela persoa fora xulgado incluso, vilipendiado e separado; comigo non o conseguiron, con el si. Digo isto porque, ademais, naquela época, incluso esta Deputación e o Goberno galego, grazas ás xestións de determinados elementos nesas zonas coas minas de caolín, xeraron distintos gobernos, amalgamas raras que ao final provocaron presidencias de grupos políticos tanto na Xunta como na Deputación, á conta da veciñanza, á conta da veciñanza de Laxe, Vimianzo, etc., etc. Todo iso foi, é sabido. De aí viña a area para a praia de Riazor, que non vale unha puta merda, non? A area de Riazor é a peor area que hai e é de caolín de Laxe, para quen non o saiba. É dura como un penedo porque é sacada dunha mina. Entón, ben, é toda a zona.

Eu coñezo a zona; non me diga vostede, que eu coñezo iso como a palma da miña man, porque encima son naturalista. Eu son unha persoa que defendo Laxe, Vimianzo, etc. Son fermosísimos. Temos algo en Galicia que temos que conservar e darlle vida. Hai moitas fontes de vida en Galicia e non reabrir minas, que pode ser unha desgraza para a poboación. Por tanto, que se exploten esas vías, que se apoién esas vías desde a Xunta, desde a Deputación, desde os concellos, son os que menos poden achegar nese aspecto, pero si colaborar, pero non reabrir esa mina, que o que vai é desgraciar moito máis, como xa se desgraciou no seu día a comarca da que estou a falar. Nada máis.

#### Sr. Amado de la Fuente

Buenos días a todos y a las personas que han venido a este Pleno. Sé perfectamente que, cuando se pronuncia la palabra minería en esta sala, la reacción es de inmediata desconfianza, rechazo y preocupación por nuestra tierra. Lo entiendo y lo respeto.

Por eso quiero empezar siendo absolutamente claro y rotundo con la realidad



actual. Con el proyecto que hay presentado ahora mismo sobre la mesa, la explotación no podrá autorizarse, repito, no se va a autorizar. ¿Por qué digo esto? Porque se acabó la época del todo vale. Porque tampoco podemos caer en el extremo opuesto. Nunca debemos incurrir en un negacionismo cerrado frente a cualquier iniciativa sin que antes pase por la correspondiente tramitación. Negarse a que las cosas se estudien con rigor es cerrarle la puerta al futuro de Galicia sin ni siquiera mirar a los ojos.

Miren a su alrededor, Europa necesita desesperadamente materiales críticos para la automoción, la defensa y la tecnología. Galicia tiene 18 de los 34 minerales estratégicos del continente. Tenemos volframio, estaño y oro aquí mismo, en Corcoesto, Lousame o en Santa Comba. ¿De verdad la solución es mirar para otro lado? Renunciar a nuestros recursos solo significa una cosa: depender de países terceros que no respetan el medioambiente ni los derechos humanos como nosotros sí lo hacemos aquí.

La Xunta de Galicia no viene a regalar nuestra tierra, viene a poner orden y a exigir lo que nunca antes se había exigido. La apertura de este concurso no significa que la mina se vaya a abrir mañana, significa que se inicia una tramitación larguísima, pública, transparente y extraordinariamente garantista. Un proceso donde ustedes, la ciudadanía, tienen voz mediante periodos de información pública de mínimo 30 días e informes ambientales rigurosos.

Solo saldrá adelante lo que técnica y ambientalmente sea viable. Si no cumple, no se hace. Pero hay algo más que cambia las reglas del juego para siempre: el plan social obligatorio. Por ley, el beneficio socioeconómico para el territorio pesará como mínimo el 40% a la hora de valorar los proyectos. Ya no vale con que las empresas se lleven el mineral y dejen el territorio vacío. Exigimos planes financiados con los beneficios de la mina para nuestra juventud, para nuestros mayores y para diversificar la economía local, pensando incluso en el día después del cierre de la actividad.

En resumen, Galicia quiere una minería moderna, sostenible y estratégica para Europa, pero quiere, sobre todo, una minería que se note para bien en la vida de la gente. No venimos a imponer una mina, venimos a imponer el rigor de la ley, y la ley dice que hoy por hoy este proyecto no es autorizable.

Evaluemos, controlemos y decidamos con la cabeza, no con el perjuicio. Por ese motivo y por esta visión es por lo que hemos solicitado o hemos metido por registro una enmienda de sustitución a los puntos de acuerdo del Bloque de Naciones Galego, que dicen:

Primero: manifestar que, en tanto no quede acreditado que una explotación ambiental y técnicamente viable, la Diputación de A Coruña no apoyará la reapertura de la mina de Coéns, no concello de Laxe.

Segundo: defender el derecho de la vecinanza a vivir en un entorno saludable y seguro, donde las actividades que existan sean compatibles con la salud y generen riqueza en el territorio.

Tercero: apoyar a las comunidades locales y colectivos sociales en la defensa de una minería sostenible que apoye a los territorios.

Cuarto: defender la necesidad de una minería sostenible que genere empleo de calidad sin comprometer el medio ambiente ni la salud de las personas.



Y quinto: dar traslado de estos acuerdos a la Xunta de Galicia, al Concello de Laxe y a las entidades sociales implicadas.

Muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós, como xa comentamos, vamos apoiar esta moción porque apoiamos a exposición de motivos, pero sobre todo, e gustaríame facer, centrar aí a miña intervención, porque se, como di o voceiro do Partido Popular, pois aquí Europa ten unha necesidade de materias primas e que Galicia ten un potencial importante para a obtención desas materias primas, que é verdade que son necesarias para todas as comodidades das que desfruta a nosa sociedade actualmente, claro, dixo vostede dúas cuestións que me chamaron moito a atención. E a primeira delas, relacionada con isto que estou dicindo, é que, de verdade, que a solución é mirar para o outro lado, preguntaba vostede, e eu penso que precisamente esa non é a solución, pero iso é o que leva facendo a Xunta de Galicia uns cantos anos. Porque a Xunta de Galicia, a pesar de que a lei a obriga, e isto volvo dicilo para que quede claro, a lei obrígaa, non ten un plan sectorial mineiro. Son vostedes quen gobernan a Xunta de Galicia.

É verdade que tamén dicía, relacionado con isto, unha frase que me gustou moito, que é: "Se acabó la época del 'todo vale'". Claro, non sei a que época se refire, porque de 44 anos que levamos de autonomía, 37 gobernaron vostedes. Claro, a época non sei se se refire vostede ao período predemocrático, de cando 'todo vale', porque dende logo, se se refire ao democrático, estará vostede interpelando o seu propio grupo porque, de 44, 37 gobernaron vostedes Galicia. E se en 37 anos que levan vostedes gobernando Galicia non foron capaces de sacar un plan sectorial mineiro, home, algo para outro lado miraron. Non sei que é o que vían nese lado, pero dende logo deste miraron pouco.

Non teñen vostedes un plan sectorial mineiro, non hai unha zonificación clara que defina onde se pode implementar ese tipo de actividades. Nós non estamos en contra das minas, loxicamente, non estamos a favor dunha mina no medio dunha vila ou pegada ás vivendas, etc., etc., ou pegada a servizos públicos básicos, a captacións de auga, etc., etc. Ten que haber un control ambiental efectivo, ten que haber garantías financeiras reais para evitar a especulación, que é algo que xa vimos noutros proxectos, mineiros e industriais en Galicia, e ten que haber un retorno territorial obrigatorio. Pero, claro, todo isto que ten que haber non hai. E, a maiores, como non vamos apoiar algo como isto cando a cidadanía non se acaba de fiar, a pesar de que vostede diga que co proxecto actual non se vai poder construír. Claro, cando a Xunta de Galicia, e isto que vou dicir está constatado, utiliza informes de persoas vinculadas aos proxectos para xustificar os seus, digamos, o cumprimento dos requisitos en materia medioambiental, etc., home, pois digamos que non estamos fertilizando moito o terreo da confianza, porque loxicamente alguén que ten unha relación con quen promove un proxecto empresarial, ben, pois non chama a ser todo o neutral que un puidera pensar. E isto non quere dicir que eu poña en cuestión o traballo dalgún técnico, pero todo o cal, ou sexa, dito o cal, isto non vale só con ser honrado, tamén hai que parecelo. E, polo tanto, para darlle garantías á cidadanía, e sobre todo para que a cidadanía se fie da Administración e evitemos ese escenario, que é verdade, de estar en contra de todo, que tampouco acabo de compartir, pois será importante que quen ten competencia nesta materia tamén dea pasos para que a xente se poida fiar.

E, como digo, que persoas que están relacionadas cos proxectos fagan informes



sobre os que a Xunta se apoia para xustificar o si a eses proxectos, pois non axuda a que a xente poida fiarse destes. Polo tanto, con isto que acabo de dicir, creo que resumo ou condenso cal é o posicionamento do noso grupo e, loxicamente, pois como empecei a miña intervención, nós vamos apoiar esta moción. Moitas grazas.

Sra. Veira González

Señor Amado, a verdade é que a súa intervención foi absolutamente increíble, á parte de facer un anuncio que, ben, non sei se corresponde que se faga neste Pleno nin por parte dun deputado provincial, non? Dígoo porque vostede falaba de transparencia e non sei cantas cousas, pero realmente os veciños e veciñas de Laxe saben deste proxecto, entre outras cousas, porque estaba, efectivamente, a exposición pública, o expediente tampouco nin se lle dá para adiante, nin se lle dá para atrás, e vén vostede agora aquí a anunciar iso. Non sei se é unha maneira moi transparente e moi normal de xestionar as cousas. De todas as maneiras, aquí o problema que temos en Laxe é que o proxecto mineiro que se presenta, efectivamente, é que sitúa a mina a escasos 20 metros de casas habitadas, cunha distancia absolutamente insuficiente, evidente para garantir condicións de seguridade e de benestar nas vivendas, pero tamén no que dicíamos antes, nas explotacións, e é evidente que hai un impacto ambiental enorme sobre o solo, as augas, a biodiversidade, etc., etc., e que aquí tampouco hai un retorno social, porque se estaba a falar de tres postos de traballo, tres postos de traballo fronte ao impacto que tería isto sobre as persoas que viven en Coéns.

E aquí hai unha cuestión: vostedes dicían que en Galiza agora todos os proxectos van ter que ter un retorno, etc., etc., e eu comparto o que acaba de dicir o señor Fernández, é que en Galiza non existe un plan para, efectivamente, sacar rendemento dos recursos mineiros, non existe. E non é un descoido do Partido Popular, que, efectivamente, leva uns cantos anos gobernando na Xunta de Galiza, é unha decisión política para que se poidan espoliar os recursos económicos sen que teñan ningún beneficio para o país. E nós levamos defendendo durante moito tempo que haxa un plan estratéxico, e a Xunta de Galiza se nega no Parlamento Galego a asumir esta cuestión. Porque o que ten que corrixirse é este espolio que levamos vivindo neste país desde que goberna o Partido Popular, e antes.

E, fronte a iso, o que ten que haber é un aproveitamento sostíbel e ordenado dos recursos mineiros, porque evidentemente é un potencial para Galiza, pero tamén é evidente que creo que en Galiza queremos seguir tendo aldeas e vilas habitadas, e con proxectos como o de Coéns é imposible.

Entón, eu é que de verdade que creo que o Partido Popular se cre as súas propias mentiras e se cre os seus propios argumentarios, pero a realidade é que en San Fins, ou aquí, non está cumprindo co que vostede está a dicir, non hai un retorno real despois para a poboación nin para o conxunto do país. Entón, moi ben, que non o autoricen así, pero eu creo que a xente de Laxe o que quere é confiar e que se lle diga que non se vai volver abrir esta explotación mineira, non que non así e que vaian vostedes aí retranqueando 5, 10 metros. Eu creo que non é só esa cuestión. Eu creo que en Laxe o que queren é vivir dos proxectos que levan construindo anos e queren seguir vivindo deles e non, ao final, da esmola que ofrecen estas empresas que veñen explotar os nosos recursos naturais. Nada máis.



Sr. Amado de la Fuente

Moi brevemente, sen querer estenderme. Creo que a nosa postura foi clara e é que, se esta canteira nalgún momento chegase a cumprir cos parámetros, entre eles a aceptación da veciñanza, que se abriera, mentres tanto, non se vai poder abrir. Dito iso, o segundo: vostedes os do Bloque gobernaron na Xunta de Galicia durante uns anos, podían ter feito este plan. Porque ademais eu, como membro do sector, participei naquel momento nas xornadas. Entón, rógoles que colla información de por que se fixo ou non se fixo. Moitas grazas. En todo o caso, agradecer a presenza das e dos veciños.

Sra. Veira González

Puntualización: o plan sectorial de actividades extractivas está previsto na lei galega desde 2008, cando estaba efectivamente o BNG no bipartito. Vostedes saberán por que cando entraron en 2009 non o puxeron en marcha. Nada máis.

Sr. Presidente

Procedemos a votar.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

**“Moción do Grupo Provincial do BNG para o rexeitamento da reapertura da mina Don Sebastián en Coéns**

A veciñanza dos lugares de Coéns e Gundar, Aprazadoiro, Matío e A Torre, todos eles sitios no municipio de Laxe, colectivos sociais do municipio e arredores están preocupados pola absoluta falla de información sobre a concesión para o proxecto mineiro de extracción de caolín e mica derivado do permiso de investigación mineira "Don Sebastián" número 7147 e a posible reapertura da mina, demandando a protección do seu entorno e das súa calidade de vida.

Segundo a información que aparece no catastro mineiro, existen dúas cuadrículas que demarcan as zonas permitidas para realizar actividades de investigacións mineiras nos concellos de Laxe, Cabana e Zas, o permiso "D. Sebastián" con N° Rexistro: AC/C/07147 para extracción de caolín e mica e a de "Jorge Reyes" con N° Rexistro: AC/C/07148 para extracción de Caolín, os dous solicitados por Caolines de Vimianzo SAU (CAVISA) e con prazos xa vencidos.

Despois de realizar a campaña de sondeos no dereito mineiro "S. Sebastián" parece que a mesma empresa iniciou os trámites de autorización do proxecto de extracción de caolín e mica, para o que era preciso sometelo a avaliación ambiental estratéxica. A única información que teñen os veciños é que foi presentado un estudio de impacto ambiental simplificado na Xunta de Galiza para superar este trámite cuxo código do expediente



parece ser o 2023/0115.

Ante as preocupacións veciñais e a incerteza e o escurantismo co que se tramita este proxecto mineiro na administración galega, é necesario poñer luz e taquígrafos e solicitarlle ao goberno toda a información e total transparencia nesta concesión.

Porén, a explotación destes proxectos repercutiría directamente na calidade de vida da veciñanza. As parroquias de Nande e Sarces no concello de Laxe, constitúen un enclave de alto valor ambiental, paisaxístico e social, no que se desenvolven actividades económicas vinculadas ao sector primario e ao turístico. O proxecto de reapertura da mina San Sebastián de Coéns ten como obxectivo a extracción de caolín, un mineral empregado na industria, pero cuxa explotación a ceo aberto implica impactos significativos sobre o territorio e a poboación. Entre os principais riscos asociados a esta actividade cómpre salientar:

- A xeración de grandes cantidades de po en suspensión derivado da extracción e tratamento do caolín, o que supón un risco para a saúde da veciñanza.
- A exposición continuada a partículas finas está relacionada con problemas respiratorios, enfermidades pulmonares e outros efectos adversos para a saúde, especialmente en persoas maiores, menos e colectivos vulnerables. .

Segundo a información disponible, as zonas de operación situaríanse a escasos 20 metros de casas habitadas, unha distancia claramente insuficiente para garantir condición de seguridade e benestar. A utilización de explosivos preto das vivendas pode ter consecuencias moi graves, tanto estruturais para as vivendas e os elementos patrimoniais protexidos como para a seguridade das persoas, ocasionando:

- Danos estruturais en vivendas, como fendas en paredes, teitos e cimentación.
- Proxección de fragmentos expulsados polas explosións.
  - Rotura de cristais.
  - Vibracións do terreo.
  - Danos en tubaxes de auga ou liñas eléctricas.
- O impacto ambiental sobre o solo, as augas e a biodiversidade, derivado dunha actividade intensiva e a ceo aberto.
- A desaparición da Lagoa da mina de Coéns, unha lagoa naturalizada. Onde se alteraría o ecosistema de todas as aves que agora alí anían.
- O escaso retorno económico e social do proxecto, que apenas prevé a creación de arredor de tres postos de traballo, unha cifra claramente desproporcionada en relación cos impactos negativos que xeraría sobre o territorio e outras actividades económicas xa existentes.

Cómpre subliñar que este tipo de iniciativas entran en contradición cos principios de desenvolvemento sostible, equilibrio territorial e protección da saúde pública que deben orientar a acción dos administración. Por todo o exposto, propónse ao pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes **ACORDOS**:



1. Manifestar o rexeitamento firme da Deputación da Coruña á reapertura da mina de Coéns no concello de Laxe, tendo en conta os seus impactos ambientais, sociais e sobre todo de saúde pública.
2. Defender o dereito da veciñanza a vivir nun entorno saudable e seguro, afastado de actividades potencialmente cando estas se sitúan a escasa distancia das vivendas.
3. Apoiar ás comunidades locais e colectivos sociais na defensa do territorio e dun modelo de desenvolvemento sostible.
4. Promover alternativas económicas viables e sostibles que xeren emprego de calidade sen comprometer o medio ambiente nin a saúde das persoas.
5. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia, ao Concello de Laxe e ás entidades sociais implicadas.”

#### Sr. Presidente

Seguinte moción que presenta o Partido Socialista de Galicia para o recoñecemento, defensa e promoción das mulleres do sector do mar.

#### **4.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSDEG-PSOE da Coruña para o recoñecemento, defensa e promoción das mulleres do sector do mar**

O sector do mar é unha das columnas vertebrais da provincia da Coruña. Lonxas, conserveiras, confrarías, bateas, marisqueo e toda a cadea de valor sosteñen milleiros de empregos directos e indirectos. Mais esta realidade non se entende sen o papel esencial das mulleres: mariscadoras, redeiras, traballadoras da conserva, clasificadoras, técnicas, investigadoras e profesionais das confrarías.

Segundo o Mapa das Mulleres da Pesca, impulsado pola Deputación da Coruña en colaboración con ANMUPESCA, máis de 6.000 mulleres traballan no sector marítimo da provincia, representando arredor do 42% do total, e superando o 95% no marisqueo a pé e nas redeiras. Estes datos evidencian unha realidade incontestable: sen mulleres non hai sector do mar.

Porén, este papel fundamental non sempre foi recoñecido nin visibilizado. E, ao mesmo tempo, o sector vive hoxe unha situación crítica, especialmente na ría de Muros-Noia, onde a mortandade do berberecho e da ameixa, a caída da produtividade e a incerteza económica están a poñer en risco o sustento de centos de familias, moitas delas encabezadas por mulleres.

A Mesa Interinstitucional do Mar de Noia, presidida polo alcalde Francisco Pérez, puxo enriba da mesa demandas claras, técnicas e razoables, compartidas polo sector e polos concellos afectados:

- Estudo científico rigoroso sobre o estado real dos bancos marisqueiros.
- Protocolo de desembalse no Tambre con coordinación e aviso previo ás



confrarías.

- Investimentos en saneamento e depuración nos municipios da contorna.
- Programa de valorización do Berberecho de Noia como produto identitario da provincia.

Estas propostas foron rexeitadas no Parlamento galego polos votos do PP, malia seren imprescindibles para garantir o futuro da ría e do sector. Ao mesmo tempo, as axudas anunciadas pola Xunta para as mariscadoras que non poden faenar —700 euros mensuais que quedan en menos de 400 tras cotas— resultan claramente insuficientes e tardías, deixando a moitas profesionais sen ingresos nin protección.

A Deputación da Coruña, aínda sen competencias directas en pesca, leva anos apoiando ás confrarías e agrupacións de mariscadoras con máis de medio millón de euros anuais, financiando persoal, modernización, promoción e proxectos de semente. E neste mandato creouse unha área específica de Mar e Agro para reforzar ese compromiso.

Por todo isto, o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE considera imprescindible que esta institución dea un paso máis, recoñecendo o papel das mulleres do mar e esixindo ás administracións competentes respostas rápidas, xustas e eficaces.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

**1. Recoñecer institucionalmente o papel esencial das mulleres do sector do mar** — mariscadoras, redeiras, conserveiras, bateeiras, investigadoras e traballadoras das confrarías— como parte central da identidade económica e social da provincia da Coruña.

**2. Instar á Xunta de Galicia a:**

- a. Realizar de inmediato un **estudo científico completo** sobre o estado dos bancos marisqueiros das rías da provincia da Coruña.
- b. Establecer un **protocolo de desembalse nos encoros da provincia da Coruña** con coordinación e aviso previo ao sector.
- c. Incrementar e axilizar as **axudas ás mariscadoras**, garantindo que non queden por baixo do salario mínimo e que se exima do pago de cotas mentres non poidan traballar.
- d. Impulsar **investimentos estruturais en saneamento e depuración** nos concellos da **provincia da Coruña**.

**3. Solicitar ao Goberno de España** que, en coherencia co recoñecemento do coeficiente reductor para o marisqueo, adopte medidas extraordinarias para garantir a protección social das mariscadoras mentres dure a crise produtiva.

**4. Reforzar desde a Deputación da Coruña** as liñas de apoio ás confrarías e agrupacións de mariscadoras, garantindo maior axilidade administrativa e priorizando proxectos de recuperación ambiental, semente e valorización dos produtos do mar.

**5. Impulsar un programa provincial de visibilización das mulleres do mar**, en colaboración con ANMUPESCA, con entidades representativas de mulleres do sector do



mar, concellos e confrarías, que inclúa accións divulgativas, educativas e culturais.

**6. Dar traslado desta moción a ANMUPESCA, ás confrarías da provincia, aos concellos costeiros, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.**

Sr. Fernández Piñeiro

Voulle dar lectura á exposición de motivos.

O sector do mar é unha das columnas vertebrais da provincia da Coruña. Lonxas, conserveiras, confrarías, bateas, marisqueo e toda a cadea de valor sosteñen milleiros de empregos directos e indirectos. Mais esta realidade non se entende sen o papel esencial das mulleres: mariscadoras, redeiras, traballadoras da conserva, clasificadoras, técnicas investigadoras e profesionais das confrarías. Segundo o mapa das mulleres da pesca, impulsado pola Deputación da Coruña en colaboración con Anmupesca, máis de 6.000 mulleres traballan no sector marítimo da provincia, representando arredor do 42% do total e superando o 95% do marisqueo a pé e nas redeiras. Estes datos evidencian unha realidade incontestable: sen mulleres non hai sector do mar.

Porén, este papel fundamental non sempre foi recoñecido nin visibilizado. E, ao mesmo tempo, o sector vive hoxe unha situación crítica, especialmente na ría de Muros-Noia, onde a mortalidade do berberecho e da ameixa, a caída da produtividade e a incerteza económica están a poñer en risco o sustento de centos de familias, moitas delas encabezadas por mulleres. A Mesa Interinstitucional do Mar de Noia, presidida polo alcalde Francisco Pérez, puxo enriba da mesa demandas claras, técnicas e razoables compartidas polo sector e polos concellos afectados: estudo científico rigoroso sobre o estado real dos bancos marisqueiros, protocolo de desencoro no Tambre con coordinación e aviso previo ás confrarías, investimentos en saneamento e depuración nos municipios da contorna, programa de valorización do berberecho de Noia como produto identitario da provincia.

Estas propostas foron rexeitadas no Parlamento Galego polos votos do PP, malia seren imprescindibles para garantir o futuro da ría e do sector. Ao mesmo tempo, as axudas anunciadas pola Xunta para as mariscadoras que non poden traballar, 700 € mensuais que quedan en menos de 400 tras as cotas, resultan claramente insuficientes e tardías, deixando moitas profesionais sen ingresos nin protección. A Deputación da Coruña, aínda sen competencias directas en pesca, leva anos apoiando as confrarías e agrupacións de mariscadoras con máis de medio millón de euros anuais, financiando persoal, modernización, promoción e proxectos de semente. E neste mandato creouse unha área específica de mar e agro para reforzar ese compromiso.

Por todo isto, dende o Grupo Provincial Socialista consideramos imprescindible que esta institución dea un paso máis, recoñecendo o papel das mulleres do mar e exixíndolles ás administracións competentes respostas rápidas, xustas e eficaces. Por todo o exposto, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

Recoñecer institucionalmente o papel esencial das mulleres do sector do mar: mariscadoras, redeiras, conserveiras, bateiras, investigadoras e traballadoras das confrarías, como parte central da identidade económica e social da provincia da Coruña. Instar a Xunta de Galicia a realizar de inmediato un estudo científico completo sobre o estado dos bancos marisqueiros das rías da provincia da Coruña.



Establecer un protocolo de desencoro nos encoros da provincia da Coruña con coordinación e aviso previo ao sector.

Incrementarlles e axilizar as axudas ás mariscadoras, garantindo que non queden por baixo do salario mínimo e que se lles exima do pago das cotas mentres non poidan traballar.

Impulsar investimentos estruturais en saneamento e depuración nos concellos da provincia.

Solicitarlle ao Goberno de España que, en coherencia co recoñecemento do coeficiente redutor para o marisqueo, adopte medidas extraordinarias para garantir a protección social das mariscadoras mentres dura a crise produtiva.

Reforzar dende a Deputación da Coruña as liñas de apoio ás confrarías e agrupacións de mariscadoras, garantindo maior axilidade administrativa e priorizando proxectos de recuperación ambiental, semente e valorización dos produtos do mar.

Impulsar un programa provincial de visibilización das mulleres do mar en colaboración con Anmupesca, con entidades representativas de mulleres do sector marítimo, concellos e confrarías, que inclúa accións divulgativas, educativas e culturais.

E sexto: darlle traslado desta moción a Anmupesca, ás confrarías da provincia, aos concellos costeiros, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

Ben, esta moción que está centrada agora mesmo no sector feminino dentro do marisqueo, adoece das mesmas problemáticas das que vimos facendo fincapé ao longo dos últimos anos, non? como son a redución da produción das rías galegas, unha redución que está sendo drástica e que está levando á ruína a moitos mariscadores e mariscadoras das costas de Galicia. Xa non só, neste caso, ponse como exemplo a situación da ría de Muros e Noia, pero podiamos falar mesmo da ría de Ares ou da confraría de Camariñas, onde a redución, como digo, da produción de ameixa, sobre todo nestas últimas que acabo de nomear, está sendo moi drástica e, polo tanto, está a ter graves consecuencias económicas para ese sector. Xa non se trata só de sementar, de botar nova ameixa, porque non chega a desenvolverse e unha parte moi importante dela morre.

Polo tanto, hai anos que vimos demandando por parte da Administración que ten as competencias en materia pesqueira e marisqueira, que é a Xunta de Galicia, que se elaborasen eses estudos para poder identificar a que se debe esta problemática e, a partir de aí, intentar combatela ou, polo menos, readaptar ese sector. Se isto depende do cambio climático, pois será unha situación que, pois está a afectar gravemente e que, polo tanto, vai ser difícil de reconducir, posto que a situación do noso clima non depende só do que se poida facer en Galicia, senón que depende, lóxicamente, do ámbito global.

Pero, en todo o caso, é certo que por iso tamén facemos fincapé nesta moción, que se pode combater tamén con esa política de depuración de augas por parte de quen tamén ten a competencia financiadora do servizo de depuración, por parte de quen ingresa a través do canon da auga todos os meses, ou todos os trimestres, ou bimensualmente, dependendo de como teña establecido cada concello, relixiosamente, recursos que se subtraen dos petos da cidadanía a través dese canon que estaba pensado para reingresar por parte da Xunta de Galicia e, a partir de aí, redistribuír entre



os concellos para obras hidráulicas de saneamento, abastecemento ou depuración de augas. Un canon que non sabemos como se reparte que, loxicamente, a experiencia e a realidade nos amosa que non é cun criterio obxectivo, como hai concellos onde si se achega e se aposta por parte da Xunta de Galicia en infraestruturas, sobre todo vencelladas á depuración de augas, que neste caso que nos podería afectar, e como noutros, a pesar de solicitalo, pois non. E como incluso nalgúns, cando hai un cambio de goberno, pois que favorece o Partido Popular, si que de repente aparecen eses investimentos, pero durante os anos de goberno doutras forzas políticas, xa sexa o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego ou partidos independentes, pois non se atenden esas demandas. Ben, entendemos que esa non é a forma na que unha Administración debe de relacionarse con outras administracións. É algo do que xa debatemos en numerosas ocasións e sobre o que podemos facer fincapé agora.

Polo tanto, e volvendo ao que é a propia moción e o seu contido, entendemos que debería ser apoiada por todos os grupos, tendo en conta a afección que ten esta problemática ao sector do marisqueo e, sobre todo, dentro do sector marisqueo, ao sector, ben, do marisqueo vencellado ás mulleres, que xa sabemos que o emprego feminino sempre adoce de determinadas, non sei como o diría, pero eivas con respecto aos dereitos e ás conquistas que si se aplican ao emprego masculino. Por tanto, ben, dende ese punto de vista, repito, esperamos poder contar co apoio de todos os grupos desta corporación. Nada máis polo de agora. Moitas grazas.

#### Sra. Veira González

Si, grazas. Pois si, efectivamente, como dicía o señor Fernández, a moción está centrada practicamente nos problemas das mulleres do mar na ría de Muros e Noia. Entendémolo, pero efectivamente, como tamén comentaba, o problema é xeral e moi grave para outras zonas como Camariñas, a ría de Arousa, etc., por falar dalgunhas da provincia da Coruña. A situación vén desde hai anos, aínda que agora efectivamente se ve agravado polos últimos temporais, polos continuos temporais deste inverno. Polo tanto, os problemas actuais non veñen só do que aconteceu neste inverno, veñen tamén do que se levou traballando, no mal sentido, durante todos estes anos. Eses problemas xa existían e, de feito, o propio sector marisqueiro leva anos denunciándoos e están constatados, ademais, nas propias estatísticas oficiais, como a perda da produtividade das rías se vén dando desde hai xa máis de 10 anos.

A este respecto, tamén o sector leva outros tantos reclamando un estudo e investigacións serias do que pasa nas rías para poder enfrontar as causas da perda da produtividade dun xeito estrutural e non só con parches e actuacións puntuais, que é o que vén facendo a Xunta e que, ademais, non resolven nada. Nós, de feito, como BNG, temos acordado co Goberno do Estado que se faga un estudo desde o Instituto Español de Oceanografía, precisamente para coñecer cales son as causas desa perda de produtividade e poder poñerlle remedio.

Tal e como se di tamén na moción, outro dos problemas que nunca se atende é o de establecer un protocolo de desaugado e limpeza dos encoros, non só no encoro do Tambre, senón en todos. De feito, tamén na provincia da Coruña temos outro moi coñecido como o de Portodemouros, que afecta a toda a ría de Arousa. E o que vén ocorrendo é que as eléctricas desencoran cando lles convén. Só poderían facelo cando a marea está alta, teoricamente, pero fano sen ter en conta se está alta ou baixa. E xa se teñen dado casos, precisamente na ría de Noia, de levar as mariscadoras por diante. Os desencoros sen control incrementan a perda de salinidade da auga do mar, xa producida



polas choivas intensas e continuas, e incide efectivamente na maior mortalidade dos bivalvos.

E, como non?, tamén existe, e comentábase, un problema grave de contaminación e de verteduras, tanto domésticas como industriais. E a verdade é que a Xunta de Galiza tampouco lle pon freo. De feito, fai bastante a vista gorda, sobre todo no caso das industriais. E isto que requiría?, pois un plan a medio e longo prazo, con investimentos suficientes e con actuacións continuadas para lograr un saneamento integral no que, evidentemente, a Xunta de Galiza ten que ter un papel decisivo.

En canto ás axudas anunciadas pola Xunta de Galiza, que son 22 millóns de euros, dos que 19,2 van dedicarse, en teoría, ás axudas directas a mariscadoras e mariscadores, que son de 699 € ao mes. Iso si, as mariscadoras teñen que seguir pagando as cotas da Seguridade Social. E aquí é onde temos que incidir nós. Ese é, efectivamente, nós na nosa emenda o que falamos é da exención das cotas da Seguridade Social, porque, de feito, o Partido Socialista opta polo proxecto de lei para incluír esas exencións das cotas, tamén pedíndolle á Xunta de Galiza que inclúa nos plans de explotación a posibilidade de que, efectivamente, haxa paros climatolóxicos e, en consecuencia, se poidan permitir esas exencións de cota. Que pasa? Que ao final o proxecto de lei ten os seus trámites parlamentarios e mentres estas mulleres teñen que seguir pagando. Por moito que sexa, efectivamente, con efectos retroactivos, ao final, o día a día, pésalles e pésalles moito. E ademais, é unha cuestión coa que se comprometeu o propio delegado do Goberno en Galiza.

En todo o caso, vemos como positivo que se inclúa no proxecto de lei, aínda que, evidentemente, o Estado ten ferramentas, ten a posibilidade de aprobar un decreto para unha excepción e unha exención temporal mentres dure esta situación. En todo o caso, este é un problema que non é só de presente das actuais mariscadoras, das mulleres que están hoxe en día traballando ao mar, senón que é un problema tamén de futuro para o país, porque estamos a falar da perda de moitos postos de traballo directo no marisqueo, porque moita xente, ao non ter ingresos ou ténndoos, pero só coa axuda da Xunta, decide abandonar a actividade. É un problema tamén, porque despois hai toda unha cadea de valor vinculada ao marisqueo en Galiza que se vai ir perdendo, porque coa escusa desta situación está entrando no mercado moito marisco, moito bivalvo que é de fóra de Galiza, que o está substituíndo no mercado e que é un auténtico problema e que mesmo se vende como galego.

E cando queiramos recuperar todo iso, esperemos que non sexa tarde, pero desde logo as administracións non estiveron á altura nin para prever nin para actuar no momento en que se está dando todo isto, porque xa digo que hai xa 10 anos que o sector do marisqueo foi baixando, baixando, baixando, sen que a Xunta de Galiza, nomeadamente, fixese absolutamente nada, que é quen ten as competencias nesta materia. E a min chámame moito a atención que na súa emenda se autoborren como institución. Eu non sei para que queren gobernar a Xunta de Galiza, porque realmente se non queren exercer as competencias nin en materia industrial, nin de ordenación dos recursos produtivos, nin nos sectores produtivos, de verdade que a min me gustaría saber para que queren gobernar a Xunta de Galiza, porque desde logo para atender os problemas reais das galegas e dos galegos non é. Nada máis.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Bueno, lo primero que quiero decir, y luego entraré en



argumentos que supongo que no aceptarán a la enmienda que hemos presentado nosotros, relativa a la exención de las cuotas de las trabajadoras, de las mariscadoras, pero lo primero que quiero decir es que esta moción entiendo que viene *a posteriori* de la visita o del acto que han tenido con Anmupesca en Noia, ¿no? Y lo digo porque a nosotros nos ha llegado la moción que Anmupesca presenta para que nosotros, como diputados provinciales, aprobemos aquí. A la vista de que hemos, de alguna manera, faltado al respeto, hemos tenido poca consideración con ellos porque no hemos presentado la moción literal que ellos presentaron, yo ya anuncio que, en el siguiente Pleno, el Grupo Provincial del Partido Popular, por una cuestión de respeto y valorar el trabajo y las que mejores conocen su sector, presentaremos la moción que Anmupesca ha hecho llegar a la Diputación de forma literal.

Y paso a leerla para que quede claro lo que Anmupesca, bastante más implicadas en el sector que todos nosotros, creo yo, han pedido que esta Diputación apruebe y dice lo siguiente, para que veamos en lo que difiere del Partido Socialista, que es imposible que no aproveche la mínima oportunidad para intentar meter el dedito en el ojo, porque es una cuestión que, bueno, va de suyo, y entiendo que esta temporada tendrán que tener bastante actividad y hacer bastantes ataques al Gobierno en la Xunta, porque cada vez que uno se levanta por la mañana y ve los digitales es para echarse a temblar porque, por desgracia, no es para reírse tampoco la situación que está atravesando este país y que nos está dando a todos el Partido Socialista.

Pero Anmupesca presentaba esta moción para la Diputación y es la siguiente. Propuesta de moción que presenta Anmupesca ante la Diputación Provincial de A Coruña para el reconocimiento institucional del Día Internacional de la Mujer en el Sector Marítimo y la adopción de medidas para la visibilización y la participación plena de las mujeres en la cadena mar-industria, dirigida a los grupos políticos con representación en la Diputación Provincial de A Coruña para su evaluación, registro y elevación al Pleno. Un matiz: a mí me llega un día más tarde a que se haya cerrado el plazo de mociones; si no, por supuesto, la habríamos presentado.

La Asociación Nacional de Mujeres de la Pesca, Anmupesca, presenta ante la Diputación Provincial de A Coruña la siguiente propuesta de moción para su evaluación y traslado, en su caso, a los grupos políticos con representación en la Corporación, a fin de que pueda ser debatida y aprobada en el Pleno provincial.

Esta propuesta nace como una de las conclusiones del acto celebrado el pasado 16 de mayo en Noia con motivo del Día Internacional de la Mujer en el Sector Marítimo, organizado por la Diputación Provincial de A Coruña y coordinado por Anmupesca, en el que se puso de manifiesto la necesidad de seguir avanzando en el reconocimiento, la visibilización y la participación plena de las mujeres del sector marítimo-pesquero.

#### Exposición de motivos.

El 18 de mayo se celebra el Día Internacional de la Mujer en el Sector Marítimo, una fecha proclamada por la Organización Marítima Internacional en 2021 y celebrada oficialmente desde 2022. Su objetivo es reconocer el papel fundamental de las mujeres en todos los ámbitos vinculados a la mar y promover su participación plena en un sector estratégico para España. En nuestro país, y especialmente en Galicia, las mujeres han sido históricamente poco visibilizadas, a pesar de constituir un pilar esencial de la cadena mar-industria. Mariscadoras, pescadoras, rederas, trabajadoras de la industria transformadora, comercializadoras, técnicas, científicas, docentes, gestoras,



emprendedoras y profesionales de la economía azul contribuyen cada día al sostenimiento económico, social, cultural y territorial de las comunidades vinculadas al mar.

La provincia de A Coruña cuenta con una fuerte tradición marítimo-pesquera y con una amplia presencia de mujeres en toda la cadena de valor del mar. Su trabajo resulta esencial para la actividad del sector, para el mantenimiento del empleo, para la transmisión de los oficios tradicionales y para el futuro de los municipios costeros.

El pasado lunes 18 de mayo se conmemoró el Día Internacional de la Mujer en el Sector Marítimo. Sin embargo, desde Anmupesca entendemos que esta fecha no debe limitarse a una jornada puntual, sino que debe traducirse en compromisos reales durante todo el año. Nuestra entidad trabaja los 365 días del año por la visibilización, el reconocimiento y la defensa de las mujeres del sector pesquero y marítimo. Por ello, aunque la fecha conmemorativa ya ha pasado, consideramos que ahora comienza el trabajo institucional necesario para que el próximo 18 de mayo sea cada vez más una jornada de reconocimiento y celebración y menos una fecha de reivindicación de derechos, presencia y visibilidad aún pendientes.

La institucionalización de esta fecha y la adopción de medidas concretas permitirán reforzar la igualdad, mejorar la gobernanza del sector y reconocer la aportación económica, social y territorial de las mujeres de la mar. Por todo ello, Anmupesca considera necesario que la Diputación Provincial de A Coruña refuerce su compromiso con las mujeres del sector marítimo-pesquero y contribuya, dentro de su ámbito competencial, a impulsar políticas públicas de visibilización, participación, apoyo y adaptación del sector a los nuevos retos sociales, económicos y ambientales.

Por todo lo expuesto, Anmupesca propone a la Diputación Provincial de A Coruña la adopción de los siguientes acuerdos:

Primero: Reconocer oficialmente el 18 de mayo como Día Internacional de la Mujer en el Sector Marítimo, incorporándolo al calendario institucional de la Diputación Provincial de A Coruña y promoviendo su celebración anual mediante actos públicos, campañas de visibilidad y actividades educativas, culturales y de sensibilización.

Segundo: Manifiestar el compromiso de la Diputación Provincial de A Coruña con la igualdad real y efectiva en el sector marítimo-pesquero, apoyando la participación plena de las mujeres en todos los ámbitos de la cadena mar-industria.

Tercero: Establecer líneas de colaboración con Anmupesca y con otras organizaciones representativas de las mujeres del mar para impulsar acciones de formación, profesionalización, liderazgo, salud laboral, emprendimiento, relevo generacional y participación institucional.

Cuarto: Impulsar la visibilización pública de los oficios desempeñados por mujeres, especialmente aquellos históricamente menos reconocidos, como el marisqueo, la pesca artesanal, el trabajo de las rederas, el trabajo en las lonjas, la transformación, la comercialización y otras actividades vinculadas al mar.

Quinto: Promover estudios, diagnósticos y estadísticas desagregadas por sexo que permitan conocer la realidad laboral, económica y social de las mujeres del sector marítimo-pesquero y diseñar políticas públicas basadas en datos y en la realidad del



territorio.

Sexto: Fomentar la presencia y participación de mujeres en órganos de decisión, consejos sectoriales, cofradías, federaciones, mesas de trabajo y espacios de gobernanza vinculados al mar.

Séptimo: Trasladar este acuerdo a la Secretaría General de Pesca, a la Organización Marítima Internacional, a la Xunta de Galicia, a las cofradías de pescadores de la provincia de A Coruña, a las federaciones del sector, a las entidades representativas de la cadena mar-industria y a las organizaciones de las mujeres del mar para su conocimiento y valoración.

Esta es la moción que Anmupesca nos pidió que presentáramos. A nosotros nos llegó tarde, si nos hubiera llegado antes, la hubiéramos presentado. Esta es la moción que nos pidieron, esta es la moción que les pidieron en el acto de la Diputación, que presentaran en la Diputación, y esta es la moción que, finalmente, ustedes han presentado.

Esta es la realidad. Nosotros esta moción la hubiéramos no aprobado sin más, la hubiéramos propuesto como declaración institucional. Esto de decirle a la gente lo que debe de hacer, cómo debe de pensar y cómo debe de organizarse pues es muy de la izquierda. Nosotros lo que tenemos que hacer, si ellos, las personas del sector, nos promueven o nos piden que defendamos esta moción, es traer esta moción aquí, y ya anuncio que la traeremos. Ustedes aprovechan de otra manera y, respecto a su moción, tenemos un argumentario extenso al respecto de lo que ustedes nos dicen y ya anuncio y repito que vamos a traer esta moción aquí.

Nosotros, señor Fernández, no vamos a poder apoyar su moción por varias cuestiones, al no aceptar nuestra enmienda. Pero, primero, es importante entender dónde estamos a día de hoy.

La Xunta de Galicia, el 23 de marzo, aprobó un plan para la recuperación y regeneración de los bancos marisqueros afectados por un importe de 22,7 millones de euros, casi 23 millones de euros de todos los gallegos, para que usted venga a decir aquí que no hay compromiso con el sector, solo tres semanas después del fin de las borrascas con base científica sólida y con instrumentos jurídicos de colaboración.

Voulles a lembrar a distribución deste investimento extraordinario para 2026: 19,2 millóns destinados a convenios coas confrarías de pescadores, 1,5 millóns destinados á repoboación das especies comerciais, e 2 millóns para reforzar a restauración da biodiversidade e os ecosistemas mariños.

A peza central e máis innovadora destas medidas son os convenios de colaboración bilaterais entre Xunta de Galicia e cada confraría ou cada entidade titular do plan de xestión afectado. Como xa foi explicado ao sector, prevese —que é a quen llo hai que explicar— prevese que participen nesta colaboración as 25 confrarías que teñen as súas principais zonas de produción moderada ou gravemente afectadas e nas que os técnicos recomentan suspender a extracción para protexer tanto os individuos reprodutores como os de talla precomercial. As confrarías son as titulares dos plans de xestión e son elas as que deciden se aceptan ou non a colaboración que lles ofrecemos. Estes convenios formalizan o compromiso conxunto do sector e da Xunta de Galicia para acadar o obxectivo que ambos compartimos: a recuperación dos bancos non é un cheque



en branco, é un instrumento xurídico sólido, transparente, verificable e perfectamente definido.

As características principais de cada convenio son as seguintes: o plan de restauración de hábitats elaborado pola propia confraría ou entidade titular, que é quen mellor coñece os seus plans e as súas necesidades de cada banco marisqueiro; a Xunta de Galicia acompaña, presta asesoramento, valida e financia, pero non impón. As accións que se poden realizar no marco dos convenios son múltiples e variadas: acondicionamento, emenda do substrato, control de depredadores e especies exóticas, retirada de restos orgánicos e inorgánicos, rareos e traslados de exemplares, sementeiras con semente autóctona, creación de zona de protección, vixilancia, seguimento técnico permanente.

Tamén se establece unha compensación ás persoas mariscadoras que realicen traballos no marco do plan de restauración, aproximadamente de 50 € por xornada de traballo efectivo. Estes convenios terán efectos retroactivos desde a data na que se suspendeu a actividade extractiva, é dicir, aínda que a día de hoxe se estean tramitando os traballos xa realizados polas entidades e persoas mariscadoras, poderán ser compensados. No marco destes convenios, as propias confrarías poderán ingresar, para elas, un 7% dos gastos directos que se executen. A vixencia dos convenios estenderase ata que, en función das recomendacións técnicas, as entidades non poidan recuperar a actividade extractiva.

Pero, ademais, a característica máis destacada dos convenios de colaboración é que, por definición, constitúen o instrumento de diálogo máis potente que existe: cada plan de restauración é elaborado pola propia confraría, é dicir, non é imposto pola Administración; é o administrado quen entende como mellor se poden levar a cabo. A confraría decide o que hai que facer no seu banco, como organizalo, con que calendario e con que orzamento. A Xunta de Galicia valida a proposta e financia. Iso non é imposición, iso é realmente coexistión real.

O convenio tipo está redactado e con todas as condicións detalladas. O plan de medidas foi presentado e explicado ao sector polo miúdo, tanto nas reunións que transcenderon aos medios como nos continuos contactos das confrarías cos técnicos da Xunta de Galicia. Os criterios científicos están publicados, proceden do procedemento do CIMA, accesible e verificable. O plan foi presentado ao sector no seu conxunto. O 24 de marzo presentouse ao representante dos pósitos, xunto co representante das agrupacións de marisqueo de todas as confrarías con plans de xestión de marisqueo na sede da Federación Galega de Confrarías. O 31 de marzo a Xunta de Galicia reúne cos PM e secretarios das confrarías de Pontevedra en Arcade, na sede da Federación. O 7 de abril a Xunta de Galicia reuniuse na sede da Federación Galega en Ames cos secretarios das confrarías da Coruña.

A maiores das reunións, existe un contacto permanente das e dos biólogos da zona con asistencias técnicas das confrarías e, dende as distintas unidades da Xunta de Galicia, existe unha canle de diálogo constante coas confrarías. Os convenios son a peza angular das medidas implementadas pola Xunta de Galicia ante a nova mortalidade dos bancos marisqueiros, que representan un compromiso mutuo de ambas as partes de cara á súa rexeneración: da Administración, que pon o marco legal e o apoio económico, e do sector, que se implica no deseño e na execución das medidas de rexeneración. Os convenios son precisamente o resultado das demandas do sector, que o que pedía o sector —non os partidos políticos—, o que pedía o sector publicamente era o seguinte:



primeiro, que non querían axudas sen máis, senón apoio económico para poder recuperar os bancos marisqueiros e poder seguir vivindo do seu traballo; segundo, que ningunha persoa mariscadora quedara fóra das medidas que puxésemos en marcha; terceiro, que tamén se destinara unha partida económica para darlle apoio ás propias entidades, que sen venda nas súas lonxas non teñen; cuarto, que tamén se dese cobertura e outros gastos como semente, arados, etcétera, necesarios para a recuperación dos bancos; e quinto, que non se tivera que esperar ao final da execución do proxecto de rexeneración e que, a diferenza dunha orde de axuda, os convenios se prevén pagos bimensuais.

E ademais conta cunha flexibilidade suficiente para que cada entidade poida desenvolver as medidas e os traballos que precisan os seus bancos para recuperarse. Os convenios de colaboración coas confrarías contemplan que as entidades poidan compensar as persoas mariscadoras que realicen traballos no marco do plan de restauración, aproximadamente como dixen antes, con 50 € por xornada de traballo efectivo. O convenio establece 14,46 € por hora, cun máximo de 700 € ao mes e en xornadas de 4 horas de traballo de media. Estes 58 € de xornada de traballo efectivo equivale ao salario mínimo interprofesional para traballadores eventuais. E os días de traballo ao mes están axustados ao número de días que permiten traballar as mareas. A Xunta de Galicia pon á disposición 700 € ao mes por persoa mariscadora durante todo o ano para poder dar cobertura a 2.200 persoas mariscadoras. Se o Goberno de España eximise dos 300 € que se está pagando de cota de Seguridade Social, seguramente o agradecerían moito e nesa liña vai a emenda, ou parte da emenda que presentaron vostedes, e tamén vai a emenda que presentamos nós. O único que ten que facer o Goberno de España é deixar de percibir esa cota e o é o único que se lle pide, xa non se lle pide que se achegue nada máis.

E despois, respecto ás cuestións do punto dous, que é onde hai a maior discrepancia, o que non se entende sobre a mesa interinstitucional de Noia é que a Xunta de Galicia conta cos seus propios órganos consultivos específicos que están plenamente lexitimados para a xestión dos recursos mariños. Traballa directamente coas confrarías de pescadores, que é o colectivo afectado, non co goberno de Noia, que non sei que competencia ten nisto, e coas súas federacións, co Intecmar, co CIMA, co Setmar e co persoal técnico especializado da Xunta de Galicia e cos distintos organismos científicos. Conta cunha estrutura estable, regulada mediante a correspondente normativa, e contamos coa participación directa do sector. Non é necesario duplicar esforzos nas mesas paralelas cando a Xunta de Galicia xa dispón de mecanismos de coordinación axeitados e operativos.

Respecto ao baleirado dos encoros, desde logo, este ano é obvio que as precipitacións non foron as precipitacións normais. Pero non é a Xunta de Galicia quen di cando se desencora a auga ou cando non, non? As precipitacións que caen en determinadas épocas do ano achegan máis caudal aos ríos, que baixan máis cargados, e isto débese a causas naturais, non ás presas ou encoros. Non é posible desaugar en función dos ventos ou circunstancias que cambien a salinidade da ría.

Respecto ás situacións e variedades dos encoros, é preciso ter en conta que en cada unha das zonas hidrográficas de Galicia existe unha comisión de desaugamento coa función de deliberar e formular as propostas sobre o réxime axeitado do enchido e baleirado dos encoros da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, atendendo aos dereitos dos distintos usuarios. Destas comisións forman parte os representantes de usuarios afectados, Consellería do Mar e, no caso da zona centro, as confrarías de



pescadores de San Bartolomé de Noia e Santiago Apóstol de Carril.

En fin, eu o que lle veño a dicir é que nós, desde logo, estamos coas mariscadoras, non cabe dúbida, penso que están tomando medidas para paliar dalgún xeito a situación extrema que este ano están padecendo, é certo. Esperemos que de cara ao futuro se poida solucionar esta cuestión. Pero a moción que a Anmupesca pedía que se presentara difire moito da que vostedes teñen presentado aquí e, se non aceptan a nosa emenda, nós imos a rexeitar esta moción. E xa anunciamos que o vindeiro Pleno presentaremos a moción que o sector lle pediu aos deputados da provincia da Coruña que se presentara aquí. Máis nada e grazas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Ben, en primeiro lugar, a modo de brincadeira incluso, fixo vostede unha intervención de case 14 minutos. Dígoo porque sempre me bota en cara que falo moito. Eu non llo boto en cara. Por min podía ter falado outros 14 máis. Atendín á súa intervención, fun tomando notas, entendo que, se utilizou 14 minutos, era porque o precisaba. Pois aplíqueme a min o mesmo conto cando me podo estender.

En segundo lugar, está vostede moi mal informado. Seguramente porque ten esa certa tendencia a pensar que os demais somos como vostedes. Entón vostedes chaman, danlle unha información e, en vez de contrastala un pouquiño, pois xa dá por veraz. O que se acordou foi, a proposta deste grupo, presentar unha moción coas conclusións do acto que se desenvolveu en Noia e se invitou a Anmupesca a que fixera achegas a esa moción. De feito, o día antes de presentar a moción chamóuselles directamente dende o noso grupo para que nos fixeran chegar as propostas que esa asociación consideraban oportunas de cara a ser incorporadas na nosa moción. Por que se fixo isto? Porque as propostas que van incorporadas non só son da Anmupesca, senón que se falou con outras entidades do sector do marisqueo, nomeadamente, loxicamente, aquelas que representan ás mulleres que se dedican a esa actividade.

A moción do Partido Socialista, como vostede se deixou levar, como digo, por esa tendencia que é bastante habitual, foi presentada ás 6 da tarde, pode vostede comprobalo no rexistro. A proposta de moción que envía a Anmupesca foi achegada ás 7.30 da tarde, 1 hora e media despois de que a nosa moción xa estivese presentada, señor Ben. Polo tanto, ás veces, aínda que —enténdame, este é un dito moi castizo—, “pensa o ladrón que todos son da súa condición”, non é así.

Nós incorporamos as conclusións dese acto que houbo en Noia, nós incorporamos as propostas das entidades do sector, sobre todo aquelas que traballan coas mulleres do sector do mar, e nós cumprimos con aquilo que acordamos e ao que nos comprometemos ese día en Noia, que foi a presentar unha moción a instancia do Partido Socialista. Polo tanto, nós nin lle faltamos o respecto a ningunha entidade, nin moitísimo menos. Ao contrario, valorámolas a todas moitísimo, froito do respecto que o seu traballo e dedicación para mellorar estes sectores nos promove.

Ben, en todo o caso, dentro desa intervención tan ampla que fixo vostede, ao final saco a conclusión que saco sempre, que cando se trata da Xunta de Galicia, de instar a Xunta de Galicia, ou de poñer sobre a mesa eivas na xestión da Xunta de Galicia, que digo eu que non será perfecta, vostedes sempre disparan cara ao outro lado, non?

Sobre as emendas presentadas, vostede presenta unha emenda que di que, en



tal caso, volven cometer o error, non sei quen é o que fai a proposta, pero é importante que se fixe cando as emendas son de adición ou de substitución, porque esta non pode ser de substitución, tendo en conta o mesmo que lle acabo de explicar na moción anterior, debería de ser de substitución, perdón, de substitución non, de adición. Di que “A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que solicite ao Instituto Social da Mariña a exención das cotas da Seguridade Social das profesionais do marisqueo cuxos plans de explotación sexan suspendidos por resolución da Consellería do Mar e que non contén coa protección do cese da actividade co fin de aliviar a carga económica que soportan durante os períodos de suspensión da actividade marisqueira, á vez que se lles garante a súa protección social”.

Eu voulle propoñer unha emenda da súa propia emenda, e non temos ningún inconveniente en aceptala, e vai encamiñada ou vén mellor dada por unha cuestión moi concreta, e é que a ministra xa anunciou que están a favor desa exención. É máis, esa aprobación desa exención, ou a súa tramitación, xa está no Parlamento de España, xa está no Congreso dos Deputados. Polo tanto, pois non ten sentido instar a Xunta a que inste a un terceiro, neste caso o Goberno de Estado, a facer algo que xa está facendo.

Pero é certo que a ministra tamén o dixo, e vostedes cóano tamén, aínda que non, de forma un pouquiño máis velada, pero efectivamente teño que recoñecerlle que o din vostedes na súa emenda cando falan de que os plans de explotación sexan suspendidos por resolución da Consellería do Mar. Ben, esa suspensión ten que ser un paso previo e indispensable para poder aplicar a exención. Polo tanto, nós, a proposta de emenda que lle realizamos é que “a Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a que estableza nos seus plans de explotación a suspensión da actividade por fenómenos meteorolóxicos extremos, requisito previo e indispensable de cara a que o Estado, e neste caso o Congreso dos Deputados, co apoio de todas as formacións políticas que teñen representación neste, aprobe a modificación legal que permite a exención das cotas da Seguridade Social dos profesionais do marisqueo”.

En esencia vén sendo o mesmo, simplemente que o ordeno baseado en cal é a realidade que temos agora mesmo e é que o Goberno xa ten ese compromiso adquirido, o fixo a ministra publicamente, xa non só o delegado do Goberno, como ben dicía tamén a voceira do BNG, senón que hai un paso previo que ten que cumprir a Xunta de Galicia, que non pasa nada, é dicir, non é como unha crítica, eh, dígollo, se insta a Xunta de Galicia a que cumpra con ese paso previo, e instamos tamén o Goberno de España a que, unha vez que iso se faga, se aprobe esa explotación, que sexa suspendida esa... a exención das cotas da Seguridade Social. E instamos, loxicamente, todos os grupos con representación no Congreso dos Deputados a que apoiem esa pedida, porque loxicamente vostedes, nós, e o Bloque Nacionalista Galego, estamos alí representados, e outros moitos grupos políticos.

Sobre a emenda do Bloque Nacionalista Galego, o primeiro punto: substituír o punto número 2c, non temos problema. Sobre o punto 2e tampouco teríamos ningún problema. E, sobre o punto 3, o que propoñemos é unha cousa parecida ao que propuxemos agora no caso do Partido Popular, e é que onde di “solicitar ao Goberno de España que, en coherencia co recoñecemento do coeficiente redutor para o marisqueo, adopte medidas extraordinarias para garantir a protección social das mariscadoras mentres dura a crise produtiva”, que engadamos: “que nomeadamente se solicite a todas as forzas políticas con representación no Congreso dos Deputados que respalden a proposta do Goberno de Estado, que está agora en tramitación parlamentaria de cara á aprobación da exención das cotas da Seguridade Social. Así mesmo, instar a Xunta de



Galicia a que estableza nos seus plans de explotación a suspensión da actividade por fenómenos meteorolóxicos extremos, requisito previo e indispensable para a aplicación da mencionada exención”.

As dúas emendas van na mesma liña e, polo tanto, nós, se vostedes aceptan esta nova redacción que acabamos de propoñer, non teremos ningún problema en incorporalas.

(O Sr. Calvelo Martínez abandona o Salón de Plenos)

Sra. Veira González

Nós aceptamos a transacción.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

Sr. Ben Otero

Perdón. Ben, a emenda era de substitución, porque cambia, realmente, señor Fernández, cambia o punto 2 polo que había, polo que se propón, non? É dicir, porque claro, aquí cando oín “realizar de inmediato estudo científico completo sobre o estado dos bancos marisqueiros” eu penso que isto se está facendo, eh, penso que se está facendo.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós o que propoñemos é manter o punto 2 e engadir, como emenda de adición, o punto que vostedes propoñían coas modificacións, pequenas modificacións ou matizacións que lle acabo de trasladar.

Sr. Ben Otero

Vamos ver, señor Fernández, eu entendo o que quere dicir, pero eu quero facer un matiz dalgunhas cousas. Realizar un estudo científico completo sobre o estado do banco marisqueo das rías da provincia da Coruña, eu penso que isto se fai habitualmente todos os anos pola Consellería do Mar, eh. Pero, ben, se queremos incidir nisto... Establecer un protocolo de desencoros dos encoros?, xa hai un sistema. E xa llo expliquei antes, que en cada zona hai un equipo coordinador que fai que os responsables, entre eles, en concreto no da ría de Noia, do río Tambre, está a Confraría de San Bartolomé incluído alí. É dicir, o que si non se pode facer é cando un ano hai unhas precipitacións máis alá do normal, ao final o encoro ten que desencorar auga. É imposible porque, se non houberse un encoro, a auga chegaría permanentemente á ría exactamente igual. Non, señora Avia, non poña caras, é certo; se non houberse un encoro, o río Tambre non vertería auga á ría de Noia, logo? E, cando hai precipitacións, non habería chegada do río Tambre á ría de Noia? Home, é que ben, en fin.

E incrementar as axudas garantindo que non queden por debaixo do salario mínimo. É que xa non están por debaixo do salario mínimo. Son os 700 €, son equivalentes por media xornada de traballo, por media xornada de traballo, ao salario mínimo. Si, si, si, son correspondentes ao salario mínimo interprofesional. Polas xornadas de traballo que se permiten a... si, señora Veira, si, home, si, é así. (...) Porque están



pagando os 300 € das cotas de Seguridade Social. Claro, iso é outra cuestión. Pero ingrésalles o salario mínimo. É así, home.

E no punto C, impulsar investimentos estruturais en saneamento e depuración dos concellos da provincia da Coruña, asumindo, habería que engadir aquí, asumindo a Deputación Provincial a súa responsabilidade como órgano competente en axuda para abastecemento e saneamento, porque é unha competencia municipal, si que é unha competencia municipal. Pero, mire, voulle dicir unha cousa: se eu non teño ningún problema se aceptan esta cuestión tal como tal, nós imos facer un acto de fe e imos votar a favor da..., porque ten que quedar claro varias cuestións. Primeira, que no caso concreto da Xunta de Galicia e do Partido Popular, o contacto e a relación dos últimos, de todos os anos que gobernou o Partido Popular co sector da pesca e do marisqueo foi excelente. Sempre houbo unha preocupación fundamental polo sector primario e neste caso, polo sector de marisqueo e de pesca. E aí están as confrarías para dicilo, eh. Non somos sospeitosos para nada de non axudar e arrimar o ombro cando o hai que arrimar. Desde logo, neste caso as axudas están chegando e penso que estamos facendo o traballo que hai que facer. Pero, para buscar e promover un acordo que non quede clara esta cuestión, que non hai ningunha dúbida por parte do Partido Popular, ao aceptar a emenda de adición, como fan, imos votar a favor desta moción. E, iso si, tamén pido que no seguinte Pleno da Deputación Provincial, que en vez de presentarnos a moción da Anmupesca, que veña como declaración institucional, porque é o que eles nos pediron. Espero que acepten esta cuestión e que esta moción, esta proposta de moción que Anmupesca lles mandou aos grupos da Deputación, que veña ao seguinte Pleno como unha declaración institucional.

Sr. Presidente

Pasamos á votación.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (PP - En virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

**“Moción que presenta o Grupo Provincial do PSDEG-PSOE da Coruña para o recoñecemento, defensa e promoción das mulleres do sector do mar**

O sector do mar é unha das columnas vertebrais da provincia da Coruña. Lonxas, conserveiras, confrarías, bateas, marisqueo e toda a cadea de valor sosteñen milleiros de empregos directos e indirectos. Mais esta realidade non se entende sen o papel esencial das mulleres: mariscadoras, redeiras, traballadoras da conserva, clasificadoras, técnicas, investigadoras e profesionais das confrarías.

Segundo o Mapa das Mulleres da Pesca, impulsado pola Deputación da Coruña en colaboración con ANMUPESCA, máis de 6.000 mulleres traballan no sector marítimo da provincia, representando arredor do 42% do total, e superando o 95% no marisqueo a pé



e nas redeiras. Estes datos evidencian unha realidade incontestable: sen mulleres non hai sector do mar.

Porén, este papel fundamental non sempre foi recoñecido nin visibilizado. E, ao mesmo tempo, o sector vive hoxe unha situación crítica, especialmente na ría de Muros-Noia, onde a mortandade do berberecho e da ameixa, a caída da produtividade e a incerteza económica están a poñer en risco o sustento de centos de familias, moitas delas encabezadas por mulleres.

A Mesa Interinstitucional do Mar de Noia, presidida polo alcalde Francisco Pérez, puxo enriba da mesa demandas claras, técnicas e razoables, compartidas polo sector e polos concellos afectados:

- Estudo científico rigoroso sobre o estado real dos bancos marisqueiros.
- Protocolo de desembalse no Tambre con coordinación e aviso previo ás confrarías.
- Investimentos en saneamento e depuración nos municipios da contorna.
- Programa de valorización do Berberecho de Noia como produto identitario da provincia.

Estas propostas foron rexeitadas no Parlamento galego polos votos do PP, malia seren imprescindibles para garantir o futuro da ría e do sector. Ao mesmo tempo, as axudas anunciadas pola Xunta para as mariscadoras que non poden faenar —700 euros mensuais que quedan en menos de 400 tras cotas — resultan claramente insuficientes e tardías, deixando a moitas profesionais sen ingresos nin protección.

A Deputación da Coruña, aínda sen competencias directas en pesca, leva anos apoiando ás confrarías e agrupacións de mariscadoras con máis de medio millón de euros anuais, financiando persoal, modernización, promoción e proxectos de semente. E neste mandato creouse unha área específica de Mar e Agro para reforzar ese compromiso.

Por todo isto, o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE considera imprescindible que esta institución dea un paso máis, recoñecendo o papel das mulleres do mar e esixindo ás administracións competentes respostas rápidas, xustas e eficaces.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

**1. Recoñecer institucionalmente o papel esencial das mulleres do sector do mar** — mariscadoras, redeiras, conserveiras, bateeiras, investigadoras e traballadoras das confrarías— como parte central da identidade económica e social da provincia da Coruña.

**2. Instar á Xunta de Galicia a:**

- a. Realizar de inmediato un estudo científico completo sobre o estado dos bancos marisqueiros das rías da provincia da Coruña.
- b. Establecer un protocolo de desembalse nos encoros da provincia da Coruña con coordinación e aviso previo ao sector.
- c. Incrementar e axilizar as axudas ás mariscadoras, estendéndooas ao sector do marisqueo a frote, garantindo que non queden por baixo do salario mínimo e que se exima do pago de cotas mentres non poidan traballar.
- d. Impulsar investimentos estruturais en saneamento e depuración nos concellos



da provincia da Coruña.

e. Solicitar ao Goberno de España que, en coherencia co recoñecemento do coeficiente redutor para o marisqueo, adopte medidas extraordinarias para garantir a protección social das mariscadoras mentres dure a crise produtiva.

f. Instar á Xunta de Galicia a que estableza nos seus plans de explotación a suspensión da actividade por fenómenos meteorolóxicos extremos, requisitos previo indispensable de cara a que o Goberno do Estado e, neste caso, o Congreso dos Deputados, con apoio de todas as formacións políticas que teñen representación no mesmo, aprobe a modificación legal que permite a exención de cuotas da Seguridade Social dos profesionais do marisqueo.

3. Solicitar ao Goberno de España que, en coherencia co recoñecemento do coeficiente redutor para o marisqueo, adopte medidas extraordinarias para garantir a protección social das mariscadoras mentres dure a crise produtiva e nomeadamente se solicita a todas as forzas políticas con representación no Congreso dos Deputados que respalde a proposta do Goberno do Estado que está agora en tramitación parlamentaria de cara a aprobación da exención das cotas da seguridade social. Así mesmo, instar á Xunta de Galicia que estableza nos seus plans de explotación a suspensión da actividade por fenómenos meteorolóxicos extremos, requisito previo indispensable, para a aplicación da mencionada exención.

4. Reforzar desde a Deputación da Coruña as liñas de apoio ás confrarías e agrupacións de mariscadoras, garantindo maior axilidade administrativa e priorizando proxectos de recuperación ambiental, semente e valorización dos produtos do mar.

5. Impulsar un programa provincial de visibilización das mulleres do mar, en colaboración con ANMUPESCA, con entidades representativas de mulleres do sector do mar, concellos e confrarías, que inclúa accións divulgativas, educativas e culturais.

6. Dar traslado desta moción a ANMUPESCA, ás confrarías da provincia, aos concellos costeiros, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.”

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Presidente

Pasamos ao apartado de rogos e preguntas.

### Sr. Ben Otero

Varias cuestións. A primeira que lle facemos chegar é unha moción que se aprobou en outubro do ano 25, presentada polo Partido Popular en Melide. E foi unha moción aprobada por unanimidade e que di o seguinte, espero non estenderme demasiado, señor Fernández, poño o cronómetro pero non van a ser 14 minutos, eh. Repito, foi aprobada por unanimidade de todos os grupos con representación en Melide e di o seguinte:

Moción do Grupo Municipal do Partido Popular en Melide para exixir á Deputación da Coruña unha actuación urxente nas beirarrúas e travesía da estrada DP-4603 ao seu



paso por Santa María.

#### Exposición de motivos:

A estrada DP-4603, de titularidade provincial, une Melide con Ribadulla e constitúe un dos principais eixos de comunicación dentro do termo municipal ao seu paso pola parroquia de Santa María. Presenta un estado de conservación francamente deficiente, tanto no firme como especialmente nas súas beirarrúas e sendas peonís. As beirarrúas atópanse afundidas, con baldosas rotas ou inexistentes, cubertas de maleza e sen mantemento axeitado que xera unha situación de risco evidente para as persoas viandantes e especialmente para as persoas maiores, familias e peregrinas do Camiño de Santiago, que ademais empregan este tramo como paso obrigado na súa ruta cara a Compostela. Ademais, o aspecto actual destas beirarrúas ofrece unha imaxe lamentable e impropia dunha vila como Melide, que é punto de encontro de camiñantes e visitantes de todo o mundo.

Cómpre subliñar que esta vía soporta un tráfico intenso e crecente, tanto de vehículos lixeiros como pesados, e que este volume se incrementará de maneira significativa coa próxima posta en funcionamento da saída da Autovía A-54 en Quintela, concello de Santiso, situada a escasos metros de Santo Martiño das Varelas. É lóxico prever que esta conexión servirá de acceso natural e rápido cara ao núcleo de Melide e a outras zonas do concello, polo que urxe mellorar a seguridade e a accesibilidade da DP-4603 antes de que a nova conexión entre en servizo.

A combinación dunhas beirarrúas deterioradas e un tráfico cada vez máis intenso converte esta travesía nun punto de risco evidente para a seguridade viaria e peonil, agravado pola ausencia de medidas de calmado de tráfico como pasos elevados, resaltos, medidas de sinalización ou iluminación.

A Deputación da Coruña, gobernada por PSOE e BNG, non pode continuar desatendendo as súas responsabilidades en Melide mentres concentra investimentos e actuación noutros concellos da provincia gobernados por eles mesmos. Non poden seguir deixando de lado unha demanda que vén de anos atrás na parroquia de Santa María, nin continuar ignorando o deterioro progresivo dunha das estradas provinciais máis importantes do noso municipio. É hora de gobernar para todos, sen discriminación política, e de actuar con responsabilidade nas vías provinciais que cruzan o noso termo municipal. Ademais, é necesario que se avalíe a situación dos núcleos de Campo e San Martiño das Varelas, tamén situados ao longo da DP-4603, e que previsiblemente verán incrementado o tránsito rodado coas novas conexións viarias. Deben analizarse medidas correctoras que garantan a seguridade da veciñanza e a redución das velocidades excesivas.

Os acordos que se aprobaron por unanimidade de todos os grupos, incluído o Socialista, no Pleno de outubro do ano 2025 son os seguintes:

1. Instar a Deputación Provincial da Coruña a executar con carácter urgente as obras de reparación, reposición e mellora das beirarrúas e sendas peonís da estrada DP-4603 ao seu paso pola parroquia de Santa María, garantindo o cumprimento das normas de accesibilidade e seguridade peonil.

2. Solicitalle á Deputación da Coruña a implantación de medidas de redución da velocidade na travesía de Santa María, tales como pasos de peóns elevados, resaltos,



mellora de iluminación, sinalización e outras actuacións técnicas que permitan garantir a seguridade das e dos peóns e dos animais.

3. Requirirle á Deputación da Coruña a elaboración dun estudo de seguridade viaria na estrada DP-4603 ao seu paso polos núcleos de Campo e Santo Martiño das Varelas, co obxectivo de propoñer medidas correctoras fronte ao incremento de tráfico previsto pola nova conexión coa autovía AP-54.

Nós, neste caso, queremos ser altofalante dos compañeiros de Melide, as fotos aquí están, que se ve en que situación están estas beirarrúas nesta estrada; miren, a situación non é a desexable, entendo eu, e pido que polo menos que boten unha ollada e que poidan facer o posible para que isto cambie.

E despois catro cousiñas rápidas da zona do Partido Xudicial de Bergantiños, que nos fixeron chegar os alcaldes da zona de alí. A primeira é pedir que que presten atención á DP-6802 en Ponteceso, que vai de Nemeño ao polígono están pedindo desde fai tempo anhear e reforzar o firme. Hai un problema de seguridade viaria alí, penso que xa son coñecedores desta situación. Se non o son, nós pedimoslles que se acheguen por alí e que o vexan.

En segundo lugar, tamén afectando a Ponteceso, pero a Cabana e Ponteceso, a DP-1405, que cruza o Anllóns, o que están pedindo é anhear a ponte de Saborido, unha proposta comprometida fai tempo en persoa polo presidente da Deputación. Parece ser que quedou deserta ese concurso varias veces e, evidentemente, se sacan a licitación e queda deserta, haberá que ver cal é o motivo e dotar de máis orzamento para que sexa atractivo e se poida solucionar, porque isto é unha zona realmente que trae, ou pode ter algunhas complicacións de cuestións de seguridade.

E despois, en cuarto lugar, en Laxe, a DP-4001, estrada que vai de Castrelo á Torre, o que están pedindo alí é que boten unha ollada, porque hai un problema de seguridade viaria e piden que se reforce.

Despois, na DP-1913, a travesía da Laracha a Soandres, que conecta a terceira rolda co aeroporto de Alvedro, iso xa trouxemos unha moción no seu momento aquí ao Pleno. Se dixo que si, que sería analizada, que era de interese, incluso piden a mellora da travesía, despois incluso solicitarían, igual que se fixo en Oleiros, a transferencia da zona urbana da travesía ao concello da Laracha. Eu penso que é que é de responsabilidade, porque esa moción foi aprobada, actuar e executar esta actuación, porque similar a esta actuación é a da 1906 de Carballo, que vai de Baldaio á estrada da Laracha; é unha travesía moi similar, pero esa xa se está facendo, xa se fixo. Esta non e solicitouse máis tarde. Eu penso que hai que actuar con coherencia e con responsabilidade e con igualdade para todos.

E, por último, señor Penas, vólvolle a preguntar, respecto a Ponteceso tamén: o bochinche da praia de Balarés, vai ser o segundo ano que estea pechado. Teñen que facer algo para que iso se arranxe, teñen que traballar para que se arranxe, porque despois pódese dar a desvergonza de que o anterior alcalde de Ponteceso lle vaia pedir contas ao actual alcalde de Ponteceso por non abrir o bochinche de Balarés, cando é unha competencia do goberno do seu partido aquí na Deputación, esa é a súa competencia. E, se non se abre o bochinche como tal, hai que buscar a forma de arranxalo, sacalo doutra forma, pero non pode ser que outro ano unha concesión provincial e no pleno verán volva estar cerrada, iso non pode ser. Eu pídolle que se reúna



co alcalde e que busquen entre todos unha solución para que iso non volva a acontecer. Máis nada e grazas.

Sr. Penas Corral

Ben, o bochinche está en proceso, como saben, de licitación. Obviamente non vamos abrir o bochinche sen todas as medidas de seguridade pertinentes, iso é así. ogallá que poidamos este verán, vai estar complicado. Estanse buscando alternativas como son os furgóns de comida (*food trucks*). É certo que o ano pasado quedaron baleiras a opción de poñelos e este ano non sabemos como imos quedar.

En canto a reunirme co alcalde, pois ben, soamente me falta comprar un piso en Ponteceso e quedar alí a vivir, porque é bo sitio, a verdade é que é bo sitio, case tan bo como Brión. Pero reuníme tanto eu como os técnicos varias veces co alcalde para comentarlle como está a situación de todo e, en todo o caso, se hai algunha axuda por parte do Concello, benvinda sexa.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:18 horas.